



# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE  
POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

DOC. ORDENACIÓN

TOMO VI

CATÁLOGO DE EDIFICIOS,  
BENS E ELEMENTOS  
PROTEXIDOS





INDICE

1	OBXECTO DO CATÁLOGO.....	2
2	BREVE ENCADRE TERRITORIAL E HISTÓRICO DO PATRIMONIO CONTIDO NO CATÁLOGO .....	3
3	CRITERIOS DE SELECCIÓN E CATALOGACIÓN. LISTADOS DE BENS CATALOGADOS.....	6
3.1	FONTES EDITAS E INÉDITAS BALEIRADAS .....	8
3.1.1	AS FONTES PUBLICADAS .....	8
3.1.2	AS FONTES NON PUBLICADAS .....	10
3.2	BENS DE INTERESE CULTURAL (BIC) .....	11
3.3	CONTORNO DOS BENS DE INTERESE CULTURAL (BIC).....	12
3.4	CATÁLOGO DE PATRIMONIO ETNOGRÁFICO .....	13
3.4.1	Grao 1º. PROTECCIÓN INTEGRAL .....	15
3.4.2	Grao 2º. PROTECCIÓN ESTRUCTURAL .....	60
3.4.3	Grao 3º. PROTECCIÓN AMBIENTAL.....	64
4	DESCRIPCIÓN DA FICHA DE CARACTERÍSTICAS .....	72
4.1	CLASE ELEMENTO.....	72
4.2	TIPOLOXÍA.....	73
4.3	Nº DE FICHA .....	74
4.4	CLAVE PLANO .....	74
4.5	FOTOGRAFÍA e PLANO DE EMPRAZAMENTO.....	74
4.5.1	DENOMINACIÓN.....	75
4.5.2	PARROQUIA.....	75
4.5.3	NÚCLEO.....	75
4.5.4	LOCALIZACIÓN .....	75
4.5.5	DESCRIPCIÓN .....	75
4.5.6	CATEGORÍA.....	75
4.5.7	ÁMBITO .....	76
4.5.8	NIVEL ou GRAO DE PROTECCIÓN.....	77
4.5.9	ESTADO DE CONSERVACIÓN.....	77
4.5.10	PROPIEDAD .....	78
4.5.11	ORDENANZA DE APLICACIÓN .....	78
4.5.12	PLANO DE ORDENACIÓN (Folla) .....	78
4.5.13	OBSERVACIÓNS .....	78
4.5.14	NORMATIVA ESPECÍFICA DE APLICACIÓN .....	79
5	BENS PROTEXIDOS SEGUNDO CATEGORÍAS. ....	81
6	NORMATIVA DO CATÁLOGO. ....	81
	ANEXO 1. PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PEPRI CASCO VELLO. VIGO. LISTADO EDIFICIOS CATALOGADOS.....	106
	ANEXO 2: PEPRI DE BOUZAS. LISTADO EDIFICIOS CATALOGADOS .....	155



## **INTRODUCCIÓN**

O presente documento constitúe o CATÁLOGO DE ELEMENTOS PROTEXIDOS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO, redactado ao abeiro do artigo 53.1.f da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004.

O Catálogo do presente PXOM ten carácter complementario respecto do documento urbanístico segundo dispón o artigo 75 da Lei 9/2002 – 15/2004, en diante Lei 9/2002.

### **1 OBXECTO DO CATÁLOGO**

Ten por obxecto a protección dos conxuntos, edificios, elementos, xardíns, áreas naturais e paisaxes que, polas súas especiais características deben ser obxecto de conservación ou mellora con independencia das determinacións da Normativa Xeral do PXOM. Todos estes elementos recóllense nas diferentes Relacións de bens que se incorporan ao presente documento de Catálogo.

No relativo á protección do patrimonio cultural, xa for histórico artístico ou etnográfico, ou arqueolóxico, ademais do contido nesta ordenanza, estarase en todo ao disposto pola Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, así como ao que dispón na Lei do Patrimonio Histórico Español (Lei 16/1985, de 25 de xuño) que teñen por obxecto a protección, conservación, posta en valor, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión ás xeracións futuras.

Ademais das disposicións establecidas polo art. 75 da Lei 9/2002, na súa redacción tívose en conta o establecido polo Anexo 3 das Normas Subsidiarias de Planeamento da Provincia de Pontevedra (DOG nº 135 do 16 de xullo de 1991), o Catálogo do PXOU de 1993 (BOP do 14/07/1993), coas súas modificacións posteriores, así como o Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar (PEEC) aprobado polo Pleno da Corporación do Concello de Vigo o 25/10/1990.

En razón da súa propia natureza e situación xurídica, no presente Catálogo non se inclúen os elementos do patrimonio cultural edificado que se inscriben dentro da delimitación do ámbito interior ou continuo do PEEC, pola dobre razón de contaren xa os seus elementos coa debida



protección e estar en curso a redacción do Plan Especial do Ensanche de Vigo, conforme á delimitación que figura no presente PXOM, que revisará ese Catálogo e o seu acaído tratamento. Nembargantes, incorpóranse, conforme aos criterios do presente PXOM e á situación real existente, a meirande parte dos elementos exteriores do dito PEEC<sup>1</sup>, é dicir os situados fóra do seu ámbito continuo.

Tampouco se inclúen os elementos do patrimonio cultural edificado contidos dentro das delimitacións dos ámbitos do PEPRI de Bouzas e do PEPRI do Casco Vello, que contan con senllos documentos complementarios de Catálogo que protexen individualmente cada un dos bens a conservar.

A protección que o Catálogo ofrece aos elementos destacados do municipio non é a única que conteñen as Normas Urbanísticas, xa que están concibidas en atención á realidade da cidade de Vigo con criterios de respecto aos seus valores patrimoniais así como ambientais e, ademais, inclúen determinacións específicas encamiñadas á protección de elementos, estrutura urbana, tipoloxía de edificación e normas estéticas.

O Catálogo ten a consideración de aberto e será susceptible de incorporar novos elementos, ben a instancia do Concello ou ben da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

## **2 BREVE ENCADRE TERRITORIAL E HISTÓRICO DO PATRIMONIO CONTIDO NO CATÁLOGO**

O concello de Vigo acubilla a cidade máis poboada de Galicia que está encravada nunha das paisaxes máis fermosas da Península, dominando a ría que leva o seu nome. Detrás quedan xa as orixes dunha pequena vila pesqueira nada no Berbés, onde as mulleres e homes construíron co seu traballo e esforzo, unha das primeiras mostras urbanas do medievo rural de Galicia. Hoxe Vigo é unha cidade marítima e fronteiriza, unha metrópole cosmopolita e un dos centros de gravidade do sistema de cidades da fachada atlántica galego-portuguesa. Os grandes feitos da historia recente tiveron repercusión no devir urbano actual, salientando o comercio marítimo americano e a primeira industrialización os factores impulsores do Vigo actual.

---

<sup>1</sup> Suprimíronse os edificios que xa non existen (Areal nº 98, Ramón Nieto nº 78, etc...), así como aqueles que carecen de valor patrimonial (p.e. Capela de San Cibrán de Bembrive).



Dende o punto de vista da súa situación cómpre falar de Vigo como unha cidade de costas e de vales profundos, sendo o de maior dimensión o val do Fragoso, antano unha das comarcas naturais de Galicia máis fermosas e fértiles.

A cidade olívica asómase á ría nunha extensa fronte marítima na que se poden diferenciar dous treitos. Un, comprendido entre o monte da Guía e a punta de Alcabre formado pola dobre badía de Guixar e Bouzas, que constituían áreas de acumulación mariña nas que se formaron grandes areais, de aí o nome do Areal co que se coñece o barrio que se formou na badía de Guixar. O segundo sector está formado por un treito de costa baixa onde se formou un arco areoso que comprende as praias de Samil, O Vao e Canido. A pequena illa de Toralla está unida á terra por unha ponte e na entrada da ría as maxestosas Illas Cíes sérvenlle de abeiro ao porto e danlle ao espazo maior valor paisaxístico e ecolóxico.

En canto ao clima, as temperaturas medias son moi agradables e o verán cálido, porén, a elevada humidade e as abundantes precipitacións sitúana entre as cidades con máis alta pluviosidade de Galicia. O concello ocupa unha superficie duns 109,4 km<sup>2</sup>, conta cunha poboación aproximada de 300.000 habitantes, e está constituído polas parroquias de:

Alcabre (Sta Baia); Beade (Sto Estevo); Bembrive (Santiago); Bouzas (San Miguel); Cabral (Sta Mariña); Candeán (San Cristovo); Castrelos (Sta María); Coia (San Martiño); Coruxo (San Salvador); A Florida (Sto Antonio); Freixeiro (San Tomé); Lavadores (Sta Cristina); Matamá (San Pedro); Navia (San Paio); Oia (San Miguel); Saiáns (San Xurxo); San Paio (San Paio de Fóra); Comesaña (Sto André); Sárdoma (San Pedro); Teis (San Salvador); Valadares (Sto André); Zamáns (San Mamede).

Cada unha delas atesoura importantes conxuntos parroquiais, algúns deles de estilo románico, que acollen templos, capelas, casas reitorais, cemiterios, cruceiros, adros... Coetáneos aos edificios barrocos son a maioría dos edificios pancegos que salfiren o territorio municipal.

Vigo, que é cidade dende o ano 1816, estivo habitada, alomenos desde a xeira do Neolítico e a Idade do Bronce. Mámoas e petroglifos constitúen unha parte importante do seu patrimonio cultural de carácter arqueolóxico. Tamén son moreas as testemuñas da ocupación poboacional na Idade do Ferro, así como abondosas as pegadas da dominación romana, na que Vigo xa se convertira en



importante porto para o comercio do occidente peninsular co resto do Imperio, cuestións todas elas seriamente tratadas nos traballos monográficos realizados por Carballo Arceo, Toscano Novella e Luaces Anca 2.

A cidade, coma a maioría dos portos galegos, sufriu frecuentes ataques por mar, sendo o duque de Lancaster e Sir Francis Drake os asaltantes máis coñecidos. Tamén a Guerra da Independencia tivo aquí un dos seus escenarios galegos, ao ser a cidade ocupada polos franceses no ano 1809 e “liberada” polos exércitos de Morillo e Cachamuíña.

Ademais, esta cidade dependía da mitra compostelá, o que privou ao seu porto das concesións ao comercio ultramarino outorgadas ás vilas costeiras de reguengo. Isto determinou que non ocupase un lugar destacado ata que a navegación comercial se liberalizou no ano 1778. No século XVIII houbo algúns intentos de industrialización que non prosperaron.

Un feito relevante para o porto tivo lugar no século XIX, cando se autorizou o establecemento dunha leprosaría na illa de San Simón que, dadas as frecuentes corentenas ás que estaban sometidos os navíos da ruta americana, viña ser un elemento indispensable para todo porto que quixese entrar nas vías marítimas de percorrido longo. Un feito decisivo foi o establecemento de empresarios cataláns que aplicaron as novas técnicas e a organización empresarial á elaboración da sardiña, creando a base manufactureira da cidade moderna. Iniciouse así un proceso histórico caracterizado polo forte desenvolvemento da economía urbana e a formación dun primeiro capitalismo mercantil. A historia de Vigo pasou a ser a dos comerciantes e industriais que engrandeceron a cidade e lle deron ese impulso que o converteu no grande centro de iniciativas e de capital dentro dunha Galicia adurmiñada.

A finais dos anos 70 do século anterior, o eixo Vigo-O Porriño empezou a canalizar as dotacións sociais e comerciais, mentres a localización industrial ao longo do río Lagares, ao abeiro da nova cualificación do chan, remataría por contaminar un colector natural de tan reducida capacidade coma este. O novo eixo debería conectar co superporto a construír en Alcabre. Esta magna obra crearía a maior cantidade de chan gañado ao mar de toda a historia urbana, destinado a instalacións comerciais e industriais vencelladas á actividade portuaria.

Dende o último tercio do século XIX ata o último coarto do século XX, a cidade foi alargándose en

---

2 Arqueoloxía. Catálogos do Patrimonio. Ed. Concello de Vigo. 1998.



todas as direccións seguindo as liñas do tranvía. É a xeira da burguesía emprendedora que foi quen de deixar unha das mostras de arquitectura modernista, pero fundamentalmente ecléctica, máis importante de Galicia e unha das importantes de España, segundo acreditan os amplos e documentados traballos de Xaime Garrido e X. Ramón Iglesias <sup>3</sup>. A súa feitura está vencellada a unha das grandes profesións de constructores que deu o noso país, cal é a dos canteiros, mestres de obra e obreiros prezados no mundo enteiro, e o seu deseño a unha mancha de arquitectos e enxeñeiros que foron capaces de vencer de modo xenial as grandes dificultades que o territorio natural (topográficas, xeolóxicas, etc.) e as preexistencias rurais lles impuñan. Ese ben facer urbanístico, arquitectónico e constructivo perde forza e mesmo se volta inexistente nos anos do período denominado como “desenrolista” (anos sesenta e setenta do século pasado).

Xa nos anos oitenta comeza un labor de urbanización que aínda que non se prantexa con visión integral de cidade, supón un cambio de rumbo, sendo a transformación máis importante a construción dunha nova zona residencial na Dobrada e a consolidación do polígono de Coia. En calquera caso foi aquela unha década marcada pola crise, o peche de empresas, o conflito pesqueiro e unha xestión municipal nada afortunada.

Superada, como adoita ser normal nesta cidade, a crise dos oitenta e principios dos noventa, Vigo dispónse agora a abordar a realización dun planeamento xeral que si ten como norte a idea global de cidade, na que se pretende encarar os retos do século XXI, sen por elo deixar de sobardar a importancia de todas as xeiras do seu rico pasado.

Velaí a importancia de identificar e tratar acoidadamente as legos ao presente. Non se trata só de dar cumprimento a unha esixencia de carácter legal cando se conforma o catálogo dos bens patrimoniais de carácter histórico. Trátase de alicerzar nos diferentes sustratos históricos a cidade do porvir. De feito, é este o único cimento firme para encarar con confianza ese porvir. É moito o que Vigo necesita mudar para corrixir as eivas dun pasado recente pouco afortunado (pero explicado polo seu desenvolvemento aceleradísimo), pero debe facelo co respecto que sempre hai que ter con todos aqueles elementos que mesmo constitúen o máis prezado das nosas raíces.

### **3 CRITERIOS DE SELECCIÓN E CATALOGACIÓN. LISTADOS DE BENS CATALOGADOS.**

---

<sup>3</sup> Vigo. Arquitectura urbana. Ed. Concello de Vigo. Vigo, 2000.



Para a realización deste Catálogo, amais do labor específico de investigación desenvolvido para a realización do presente PXOM (bibliografía, traballo de campo e de gabinete...), partiuse da documentación existente no Departamento de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo e na Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia elaborada durante os últimos anos precisamente para facilitar a redacción dos catálogos del planeamento municipal que houberan de redactarse, así como do Catálogo das Normas Subsidiarias Provinciais. Por outra parte recolléronse as indicacións efectuadas nos informes evacuados polos servizos de arquitectura e arqueoloxía da Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura con motivo da Aprobación Inicial do presente PXOM.

Os bens obxecto de protección quedan incluídos no catálogo de fichas complementario do presente *Plan Xeral de Ordenación Municipal*. Agás os que teñan a consideración legal de Bens de Interese Cultural (BIC), non se inclúen na relación os edificios e conxuntos que se localizan dentro do P.E.P.R.I. do Casco Histórico de Vigo e P.E.P.R.I. de Bouzas, ámbitos espaciais no que os usos do solo e a edificación haberán de seguir rexéndose polas súas respectivas normativas específicas. Tampouco se inclúen neste catálogo, como xa dixo anteriormente, os edificios que integran o ámbito continuo do PEEC, que se rexerán transitoriamente pola súa normativa específica e pola complementaria do presente PXOM ata a aprobación do novo Plan Especial do Ensanche, que contará cun catálogo propio.

Unha das carencias máis destacadas do catálogo do PXOU de 1993 é a súa limitada extensión, así como a inexistencia dunha descrición pormenorizada dos valores arquitectónicos, históricos e artísticos dos bens culturais de índole material presentes no concello de Vigo. Xa que logo, o catálogo que elaboramos tentou superar esta situación botando man de dous instrumentos fundamentais: o traballo de campo e o traballo de gabinete.

O equipo redactor de Consultora Galega S.L. procedeu a baleirar toda a información que contiñan os estudos xenéricos e concretos -xa estivesen publicados ou non- que se centran no patrimonio cultural da cidade, sintetizando as súas valoracións e análises conforme ás técnicas de estudio e avaliación actuais. Con posterioridade este labor completouse coa descrición e diagnóstico de cada un dos bens culturais da cidade, o que nos permitiu identificar a súa evolución, grao de conservación, axentes destructores, así como as melloras a realizar no ben para garantir a súa conservación no futuro.





### 3.1 FONTES EDITAS E INÉDITAS BALEIRADAS

Nesta última fase temos traballado intensamente co arquitecto e estudioso da arquitectura histórica local Xaime Garrido, quen tivo a ben asesorar todo o relativo á catalogación. Asimesmo contemplamos as achegas e suxestións que nos fixeron chegar os técnicos da Concellería de Patrimonio Histórico.

Tal e como apuntamos nos informes anteriores, tamén consultamos ás entidades *Instituto de Estudos Vigueses* e *Asociación de Amigos de los Pazos*, a quen lle fixemos chegar unha relación de bens mobles e inmobles que decidimos protexer, a fin de que nos participasen as achegas e comentarios que estimaran pertinentes.

Do traballo conxunto realizado até o momento cos asesores do plan en materia de patrimonio cultural material, coincidimos na oportunidade de incorporar ao catálogo a relación actualizada de elementos que conteñen os traballos editos e inéditos existentes en relación co patrimonio de carácter histórico e artístico presente no termo municipal de Vigo. Para elaborar esta relación botamos man de todos os estudos e traballos -xa estivesen publicados ou inéditos- que tratan de maneira directa ou indirecta sobre o patrimonio cultural de carácter material que atesoura a cidade.

#### 3.1.1 AS FONTES PUBLICADAS

No transcurso da última década téñense elaborado relevantes estudos sobre o patrimonio cultural da cidade de Vigo, tanto dende o punto de vista cualitativo como cuantitativo. Os excelentes traballos de **J.L. Mateo**, **D. Miloro**, **J. Franco** e **V. Pintos** sobre o patrimonio etnográfico da cidade, xunto coa información aportada polo traballo que **Fernández Pintos** realizou en 1988 sobre os muíños hidráulicos vigueses <sup>4</sup>, así como o achegado por **E. Rodríguez Puentes** e **X.C. Abad Gallego** encol dos cruceiros e petos de ánimas olívicos, cubren á perfección este espectro do patrimonio cultural vigués, polo que o noso labor centrarase unicamente en incorporar os seus contidos e conclusións ao catálogo resultante. Deste xeito estes bens gozarán da protección legal que merecen, pasando a formar parte do Inventario do Patrimonio Cultural de Galicia, tal como impón a Disposición Adicional Segunda da Lei 8/95 do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia. A este respecto incorporamos a relación de arquitectura residencial, etnográfica e relixiosa que o primeiro dos traballos contén por estimarmos que son estes elementos os máis salientables

---

<sup>4</sup> Esta obra non foi publicada.



dende o punto de vista patrimonial 5.

Por outra banda a excepcional obra de X. Garrido e X.R. Iglesias sobre a arquitectura urbana viguesa foi outro referente fundamental que guiou o noso traballo de revisión e actualización do inventario existente. Ata o pasado ano 2001 Vigo carecía dun corpus científico que estudiasse de maneira sistemática a historia da arquitectura da cidade. O magnífico traballo de **Iglesias Veiga e Garrido Rodríguez**, editado polo Concello e a Fundación Caixa Galicia, veu cubrir un baleiro no eido do saber que tiña explicado, en boa parte, mil e unha agresións ao patrimonio cultural da cidade.

No volume titulado “*Vigo, arquitectura urbana*”, os autores presentan un estudio global sobre o patrimonio cultural da cidade que veu enriquecer e ampliar os estudos monográficos existentes ata o momento (Palacios, Irmáns Gómez Román, Pacewicz...). Este traballo permitiunos incorporar ao catálogo a relación das obras arquitectónicas máis representativas da arquitectura viguesa dos últimos douscentos anos.

O traballo de Iglesias Veiga e Garrido Rodríguez contempla a arquitectura máis destacada de cada un dos periodos históricos máis relevantes da historia da arquitectura viguesa: arquitectura industrial, a arquitectura galeguista, o eclecticismo, os historicismos medievais, o modernismo, o racionalismo e a arquitectura da posguerra. O mellor labor dos arquitectos Ortiz e Sanchez, Manuel de Uceda, os Rodríguez Sesmero, a saga dos Jenaro de la Fuente, Pacewicz, Felipe Quintana, irmáns Gómez Román, Palacios, Franco Montes, Cominges Tapias, Francisco Castro e Pedro Alonso, Castro Represas e tantos outros. A relación das súas principais obras figura xa incorporada ao presente informe co obxectivo de que, con posterioridade, pasen a formar parte do catálogo, instrumento que ha permitir preservar, dende unha perspectiva legal, a memoria histórica da cidade.

Xunto a estas obras tampouco esquecemos outras como as publicadas polo arquitecto **J. A. Martín Curty** sobre a obra do arquitecto Pacewicz e máis a que aborda a evolución da Alameda da cidade. Asimesmo, no tocante á arquitectura pacega tampouco descoidamos a consulta das obras escritas e/ou coordinadas por **A. M<sup>a</sup>. Pereira Molaes** e **X. M. García Iglesias**.

---

5 A relación exclúe conscientemente os canastros existentes no termo municipal vigués, xa que o seu elevadísimo número (1.744) e as características reiterativas da súa tipoloxía constructiva non o facían oportuno nin relevante.



Para inventariar a obra artística pública presente nas rúas e prazas olívicas (monumentos, placas conmemorativas, etc...) tomamos como referencia a obra de **L. Vázquez Gil** sobre a historia dos monumentos de Vigo.

### 3.1.2 AS FONTES NON PUBLICADAS

Entre os traballos inéditos que abordan o patrimonio cultural de carácter material da cidade de Vigo, o equipo redactor consultou, entre outras, dúas obras de especial interese. A primeira delas é o *Inventario do Patrimonio Industrial de Vigo e Comarca* realizado polo arquitecto **E. Berea y Cruz** e polo historiador **C. García Movilla**. Este traballo, realizado no ano 1994, ten por obxecto o estudio da arquitectura de carácter industrial da cidade dos séculos XIX e XX, e constitúe unha valiosa ferramenta sobre a que desenvolver unha análise pormenorizada de cada un dos edificios industriais vigueses que merezan ser conservados no futuro.

Outro dos estudos inéditos sobre o patrimonio cultural vigués que incorporamos ao noso traballo é o realizado por **R. Ferrín Martínez**, que abordou un traballo de investigación sobre a arquitectura residencial de carácter tradicional no litoral sur de Galicia. Este traballo, que constituíu a súa tese doutoral, leva por título *La vivienda en las zonas rurales del litoral de la ría de Vigo*.

Asimesmo decidimos incorporar ao catálogo o inventario da colección de escudos e brasóns que atesoura o Pazo Sensat, un traballo realizado polo arqueólogo **X. Carlos Castro**. Así mesmo tivéronse tamén en conta as consideracións da Asociación Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia, que se encargou de ampliar o catálogo das pezas que se localizan na mesma finca de Sensat. Este catálogo inclúese no libro –este si editado- que leva por título “Finca Miramar: inventario y descripción de sus labrar heráldicas.”

Na relación de bens mobles e inmobles a protexer que adxuntamos aparecen incluídas as pezas máis salientables desta parte do patrimonio cultural, mais non se trata dun listado definitivo, polo que non descartamos corríxilo e revisalo en función das conclusións ás que nos conduza a análise máis profunda e detallada de cada un destas pezas en función do seu valor histórico, artístico e/ou arquitectónico. Así as cousas este Catálogo permanecerá permanentemente ABERTO, co obxecto de incorporar novos que merezan ser conservados para as xeracións vindeiras.



Tal e como apuntamos nos informes anteriores, para este fin utilizamos un modelo de ficha técnica validada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia que permite abranguer un elevado grao de información sobre cada un dos bens que van formar parte do catálogo, datos todos eles que serán de excepcional utilidade ao Concello no momento de conservar e xestionar os seus bens culturais.

Os graos de protección e as cualidades que caracterizan aos bens culturais merecentes de conservación no Concello de Vigo son:

### 3.2 BENS DE INTERESE CULTURAL (BIC)

Inclúense neste apartado os bens mobles, inmobles e inmateriais máis sobranceiros do Concello de Vigo, con substantividade e relevancia de ámbito galego, en función do establecido polo art. 8.1 da Lei 8/1995. Dentro desta protección, a maior prevista para un ben cultural segundo a devandita Lei 8/1995 e a Ley 16/1985, figuran:

- a) **Fortalezas do Castro e S. Sebastián** (Decreto do 22 de abril de 1949). Así mesmo protéxense os restos de castelos e torres aos que se refire o devandito decreto, sexa cal for o seu estado de conservación.
- b) **Escudos e pedras heráldicas**, así como os **cruceiros** de máis de cen (100) anos de antigüidade (Decreto 571/1963 do 14 de marzo).
- c) **Hórreos e canastros de máis de cen (100) anos de antigüidade** (Decreto 449/1973 do 22 de febreiro).
- d) **Igrexa parroquial de Santiago de Bembrive** (Resolución do 10 de marzo de 1980; BOE nº 94 do 18 de abril de 1980).
- e) **Colexiata de Sta María** (Decreto do 8 de febreiro de 1946; BOE nº 45 do 14 de febreiro de 1946).
- f) **Soportais da Praza da Constitución** (Decreto do 8 de febreiro de 1946; BOE nº 45 do 14 de febreiro de 1946).
- g) **Rúa Real** (Decreto do 8 de febreiro de 1946; BOE nº 45 do 14 de febreiro de 1946).
- h) **Casa da Praza da Constitución esquina Triunfo** (Decreto do 8 de febreiro de 1946; BOE nº 45 do 14 de febreiro de 1946).
- i) **Casa nº 4 da Praza de Almeida** (Decreto do 8 de febreiro de 1946; BOE nº 45 do 14 de febreiro de 1946).





- j) **Museo Municipal de Quiñones de León** (Decreto 474/1962 do 1 de marzo; BOE do 9 de marzo de 1962 e DOG nº 101 do 29 de maio de 1991)
- k) **Antiga estación do ferrocarril** (Resolución do 6 de outubro de 1990 da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental; DOG nº 231 do 23 de novembro de 1990).
- l) **Antigo Pazo de Xustiza de Cárcere** (Resolución do 6 de outubro de 1990 da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental; DOG nº 231 do 23 de novembro de 1990).
- m) O **Pazo de Castrelos e os seus xardíns** teñen tamén a consideración de BIC (BOE 24/03/55)
- n) O **Pazo da Pastora e os seus xardíns** teñen tamén a consideración de BIC (BOE 24/03/55).
- o) O **xardín do Parque de Castrelos** ten tamén a consideración de BIC na categoría de Xardín Histórico en base á resolución de maio de 1991 da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.
- p) Ademais teñen consideración de Bens de Interese Cultural (BIC) as **covas, abrigos e lugares que conteñan manifestacións de arte rupestre** en base ao fixado polo art. 40.2 da Ley 16/1985 do Patrimonio Histórico Español de 25 de xuño. Xa que logo a consideración de BIC abrangue a todos os gravados rupestres en función da súa declaración como Monumentos Histórico-Artísticos polo decreto 3471/1974 de 20 de decembro. Contan con declaración expresa de BIC os seguintes petroglifos:

- Devesa do Fragoselo (Coruxo); GA36057059
- Petroglifo de Gondosende / Pedra das Augas; (Teis) GA36057002
- Petroglifo do Outeiro do Castro ou de San Lourenzo; (Coruxo); GA36057048

### 3.3 CONTORNO DOS BENS DE INTERESE CULTURAL (BIC)

Segundo establece o artigo 11 da Lei 8/1995, no expediente de declaración de bens inmobles, deberán figurar as relacións coa área territorial, e tamén a protección dos accidentes xeográficos e elementos naturais que conformen seu contorno. Así, o art. 18 da Lei 16/85 establece que "*Un inmueble declarado ben de interese cultural é inseparable de seu contorno*".

Dentro dos contornos dos Bens de Interese Cultural, que estean delimitados, ou podan delimitarse posteriormente, seguindo os criterios do artigo 44 da Lei 8/1995, serán de aplicación, ademais das determinación que conleve a Declaración do Ben de Interese Cultural, as contidas no art. 104 da Lei 9/2002, co carácter de Normas de Aplicación Directa conforme aos criterios que para esa aplicación se conteñen no capítulo 7 da Memoria Xustificativa do presente PXOM: "Criterios do Plan a



respecto das Normas de Aplicación Directa no PXOM”.

Para a protección do contorno dos bens culturais máis relevantes, dentro dos cales é necesario informe preceptivo da Dirección xeral de patrimonio cultural, nos termos dispostos na lexislación de patrimonio cultural de Galicia, fíxose unha franxa que se delimita nos planos de ordenación, especificamente para os elementos arquitectónicos con protección integral. De non estar grafitada esta, rexerán para a súa protección as seguintes distancias, medidas desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe:

- 50 metros, cando se trate de elementos etnográficos inventariados localizados na vía pública (cruceiros, petos, lavadoiros, etc.). Para aqueles elementos emprazados dentro de parcelas de titularidade privada (hórreos, fornos, lagares...), o seu contorno de protección estará definido polos límites do predio no que se sitúen.

Cando se presetenda executar algunha intervención das previstas na lexislación urbanística que afecte a elementos do Catálogo será preciso a autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio.

### **3.4 CATÁLOGO DE PATRIMONIO ETNOGRÁFICO**

Como xa se dixo máis arriba, o presente documento de Catálogo oficializa e concede validez legal – e conseguintemente protección efectiva- a unha serie de catálogos de etnografía realizados polo Concello de Vigo nos últimos anos. Estes traballos localizaron, fotografaron e describiron de maneira rigurosa os hórreos, muíños, cruceiros, lagares, fornos, fontes, lavadoiros, casas reitorais, casas grandes, etc... existentes no termo municipal. Para identificalos o equipo redactor do PXOM utilizou as mesmas claves numéricas empregadas en cada un deses documentos, unha vez realizada a súa dixitalización e red denominación numérica a cargo do Concello de Vigo. Denantes de levarse a cabo esta, cada ficha identificábase cunha clave numérica distinta da actual, que é a que figura no presente documento e máis nos planos de ordenación.

Os bens que conforman este Catálogo de bens culturais de carácter etnográfico foron estudados e fotografados hai case dez (10) anos, polo que algúns deles puideron ter experimentado cambios e alteracións (de localización, conservación, configuración tipolóxica e/ou material...) desde entón, o que concede á relación de bens que prosegue unha fiabilidade relativa. Precisamente por isto é polo



que, de forma excepcional, o PXOM autoriza o traslado de todos e cada un dos bens que forman parte deste Catálogo Etnográfico, a excepción das capelas, igrexas e pazos, que tamén forman parte do Catálogo Xeral elaborado *ex profeso* para o PXOM polo Equipo Redactor.

No que respecta ao conxunto de bens etnográficos, cada un deles aparece identificado nos planos 6 unicamente cunha clave numérica de dous (2) díxitos que referirá a tipoloxía do elemento catalogado, sucedida e separada por un guión alto dun número identificativo do número do elemento de que se trate, identificación que non superará os catro (4) díxitos. Estas claves son as que seguen:

- 01 HÓRREO
- 02 MUÍÑO HIDRÁULICO
- 03 FONTE
- 04 LAVADOIRO
- 05 LAGAR
- 06 ALBOIO
- 07 CASA TRADICIONAL
- 08 FORNO
- 09 PETO DE ÁNIMAS
- 10 IGREXA
- 11 CRUZ
- 12 CONXUNTO DE INTERESE
- 13 POMBAL
- 14 ERMIDA
- 15 ADEGA
- 16 PONTE
- 17 ENTRADA MONUMENTAL
- 18 PALLEIRO
- 19 ESCOLA
- 20 CRUCEIRO
- 21 CEMITERIO
- 22 PAZO
- 23 MUÍÑO DE VENTO

---

6 No momento de redactar esta Memoria, o servizo de informática do Concello de Vigo estaba xerando a identificación definitiva das claves dos elementos do



- 24 CAPELA
- 25 ESCUDO-BRASÓN
- 26 CASA REITORAL
- 27 POZO
- 28 INMOBLE SAÍÑAS
- 29 CONSERVEIRA
- 30 CORREDOIRA
- 31 SILO
- 32 EIRA
- 33 ASERRADOIRO

#### 3.4.1 Grao 1º. PROTECCIÓN INTEGRAL.

Aplícase a edificios, construcións e elementos de similar natureza de excepcional valor arquitectónico e significación cultural ou cidadá, e os equiparables polos seus valores aos monumentos declarados o incoados ao abeiro da lexislación sobre Patrimonio Cultural (Ley 16/85 del Histórico Español e Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia).

Alén da protección que fixa a Normativa do PXOM para os bens que se relacionan a continuación, para autorizar o traslado de calquera destes elementos será necesaria a autorización da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Correspondería, por analogía e salvando as distancias, á consideración dos Monumentos da Lei 16/1985. Comprende elementos agrupables nos seguintes apartados:

- Conxuntos parroquiais (Igrexas, ermidas e, se é o caso casas reitorais, cemiterios, adros, palcos da música, cruceiros asociados...).
- Casas e Edificios singulares de relevancia patrimonial.
- Os Pazos coas súas fincas singulares e arquitecturas adxectivas.
- Enxeñaría e etnografía singulares: muíños (calquera que sexa a súa idade), así como hórreos, escudos e cruceiros de menos de 100 anos de antigüidade, etc...
- Placas conmemorativas e esculturas de carácter histórico.





Contan con PROTECCIÓN INTEGRAL os seguintes bens de tipoloxía **Relixiosa e Pacega** incluídos no *Catálogo de Patrimonio Etnográfico Inmable do Concello de Vigo*<sup>7</sup>:

Identificador	Tipo	Parroquia
10-0015	IGREXA	RÚA DA IGREXA (LUGAR DA IGREXA)
10-0002	IGREXA	Á beira da rúa de San Cristovo.
22-0001	PAZOS	AVDA. MARTÍNEZ GARRIDO
10-0006	IGREXA	RÚA SANTA CRISTINA, 2 (LAVADORES)
10-0008	IGREXA	ESTRADA MATAMÁ-PAZO, S/N. (IGREXA)
10-0005	IGREXA	ESTRADA DA IGREXA, 137
21-0001	CEMITERIOS	ESTRADA DA IGREXA, S/N.
10-0012	IGREXA	RÚA DE IERA VELLA (TOMADA)
10-0003	IGREXA	ESTRADA DA IGREXA, 22
14-0001	ERMIDAS	RÚA DE SAN CIBRÁN, S/N
10-0014	IGREXA	Á BEIRA DA ESTRADA DE CAMPOSANCOS.
24-0006	CAPELA	CAMIÑO DE SAN LOURENZO (XAN LOURENZO)
24-0004	CAPELA	NO LUGAR DE FONTENLA Á BEIRA DA
22-0005	PAZOS	CAMIÑO DE MOLÁNS.
24-0003	CAPELA	CAMIÑO DE BEIRÁN, FRONTE Ó Nº 47 (BEIRÁN)
24-0001	CAPELA	PLAZA DE SAN MAURO (MATAMÁ)
10-0007	IGREXA	RÚA DOS CANTEIROS (MATAMÁ)
24-0002	CAPELA	ESTRADA DE SAN XOÁN (SAN XOÁN)
26-0001	REITORAL	CAMIÑO DA IGREXA (BARROCAS)
10-0013	IGREXA	ESTRADA IGREXA-ROTEAS (IGREXA)
24-0005	CAPELA	CAMIÑO DO PIÑEIRO (MATOCA)
10-0016	IGREXA	RÚA TOMADA (VARRIO DA IGREXA)
10-0011	IGREXA	RÚA RAMIRO PASCUAL
14-0002	ERMIDAS	AVDA. DOÑA FERMINA, S/N.
10-0004	IGREXA	CAMIÑO REAL, 100
10-0009	IGREXA	RÚA MESTRES GOLDAR, 16
22-0003	PAZOS	ENTRADA Ó PAZO, S/N
10-0010	IGREXA	CAMIÑO DE MIRAFLORES, S/N.
22-0004	PAZOS	CAMIÑO DA FINCA DE AIRES, 5
26-0002	REITORAL	ESTRADA MIRAFLORES, 69
22-0002	PAZOS	CAMIPO RAPOSEIRA.
10-0001	IGREXA	BAIXADA Á IGREXA, S/N.

Disfrutarán de PROTECCIÓN INTEGRAL, unicamente, os **Hórreos** ou **Canastros** de máis de cen

<sup>7</sup> A súa ficha figura no *Catálogo de Patrimonio Etnográfico Inmable do Concello de Vigo*.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

(100) anos de antigüidade (Decreto 449/1973 do 22 de febreiro), incluídos no *Catálogo de Patrimonio Etnográfico Inmóble do Concello de Vigo*. Os demais exemplares gozarán de Protección Ambiental 5. Permítese o traslado de uns e outros previa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Identificador	Lugar	Parroquia
01-0001	BARRIO PEINADOR, S/N.	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0002	CAMIÑO DA RETORTA, 14	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0003	RÚA DO AMEAL, 35	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0004	RÚA DO AMEAL, 33	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0005	RÚA DO AMEAL, 31	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0006	RÚA GONDARISCO, 51	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0007	RÚA DO AMELA, 39	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0008	AVDA. DE SANTA MARIÑA, 281	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0009	AVDA. DE SANTA MARIÑA, 302	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0010	RÚA DO LOUREIRO, 78	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0011	AVDA. DE SANTA MARIÑA, 274	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0012	AVDA. DE SANTA MARIÑA, 272	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0013	AVDA. DE SANTA MARIÑA, 265	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0014	AVDA. DE SANTA MARIÑA, 193	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0015	AVDA. DE SANTA MARIÑA, 266	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0016	RÚA DA PATAS, 23	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0017	AVDA. SANTA MARIÑA, 308	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0018	RÚA LOUREIRO, S/N	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0019	RÚA LOUREIRO, 52	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0020	RÚA LOUREIRO, 37	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0021	RÚA AMEAL, 6	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0022	RÚA GONDARISCO, 7	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0023	RÚA CARBALLAL, 57	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0024	RÚA DO CARBALLA, 65	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0025	RÚA CARBALLAL, 7	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0026	RÚA DO CARBALLAL, 12	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0027	RÚA LOUREIRO, 2	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0028	RÚA LOUREIRO, 2	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0029	RÚA DA FREIRÍA, 45 (FREIRÍA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0030	RÚA DA FREIRÍA, 88	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0031	RÚA BECERREIRA, 183	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0032	CAMIÑO DO CANTO, 3	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0033	CAMIÑO DE CANTO, 8	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0034	CAMIÑO DO SOUTO, 11	CABRAL, SANTA MARIÑA
Identificador	Lugar	Parroquia
01-0035	CAMIÑO DE REMEXIL, 20	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0036	AVDA. SANTA MARIÑA, 183	CABRAL, SANTA MARIÑA

8 A súa ficha figura no *Catálogo de Patrimonio Etnográfico Inmóble do Concello de Vigo*.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

01-0037	AVDA. SANTA MARIÑA, 181	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0038	RÚA CARBALLAL, S/N	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0039	AVDA. SANTA MARIÑA, 229	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0040	RÚA DA BEILLESIA, 27 e 29	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0041	RÚA RINXELA, 26	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0042	AVDA. DO TRANVÍA, 168	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0043	CAMIÑO DE AMARO, 4	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0044	AVDA. DO AEROPORTO, 523	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0045	AVDA. DO AEROPORTO, 457	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0046	RÚA RINXELA, 26	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0047	RÚA DAS DORES, 3	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0048	RÚA DA RABADEIRA, 2 (RABADEIRA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0049	RÚA DA RABADEIRA, 81	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0050	CAMIÑO DO SOLOMBO, 4	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0051	RÚA DO SOLOMBO, 1 (RABADEIRA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0052	CAMIÑO DO SOLOMBO, 5	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0053	RÚA DA RABADEIRA, 89	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0054	RÚA DA RABADEIRA, 87	CANDEAN, SAN CRISTOBO
01-0055	RÚA RABADEIRA, 107 (RABADEIRA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0056	RÚA RABADEIRA, 109 (RABADEIRA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0057	CAMIÑO DOS COCHEIROS, 4	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0058	CAMIÑO DOS COCHEIROS, 16	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0059	CAMIÑO DOS COCHEIROS, 26	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0060	CAMIÑO DOS COCHEIROS, 28	CANDEÁN, S AN CRISTOBO
01-0061	RÚA RABADEIRA, 114 (RABADEIRA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0062	SUBIDA A HERMIDE, 54 (HERMIDE)	CANDEÁN, SAN CISTOBO
01-0063	SUBIDA A HERMIDE, 40 (HERMIDE)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0064	SUBIDA A HERMIDE, 41 (HERMIDE)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0065	camiño de xoxín, 1 (hermide)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0066	SUBIDA A HERMIDE, 17	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0067	SUBIDA A HERMIDE, 8	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0068	SUBIDA A HERMIDE, 8	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0069	SUBIDA A HERMIDE, 3	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0070	TRAVESIA DE HERMIDE, 4 (GOLETA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0071	TRAVESÍA DE HERMIDE, 30	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0072	TRAVESÍA DE HERMIDA, 8 (GOLETA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0073	RÚA DA GOLETA, 24 (GOLETA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0074	RÚA DO SALGUEIRO, 4	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0075	RÚA DO SALGUEIRO, 7	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0076	RÚA DO SALGUEIRO, S/N.	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0077	CAMIÑO DO COCHO DA LAXE, 72	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0078	CAMIÑO DO MUÍÑO, 5	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0079	RÚA DA MACEIRIÑA, 67	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0080	RÚA CASTAÑAL, 28	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0081	AVDA. DO AEROPORTO, 523	CABRAL, SANTA MARIÑA
<b>Identificador</b>	<b>Lugar</b>	<b>Parroquia</b>
01-0082	CAMIÑO DE AMARO, 4	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0083	RÚA CASTAÑAL, 2	CABRAL, SANTA MARIÑA



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

01-0084	RÚA ÀRADA, 6	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0085	RÚA PARADA, 51	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0086	RÚA DA RABADEIRA, 6 (RABADEIRA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0087	RÚA DAS ÁNIMAS DO CAEIRO, 7	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0088	RÚA PARADA, 14	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0089	RÚA PARADA, 14	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0090	RÚA PARADA, 14	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0091	CAMIÑO DO PÍO (DEVESA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0092	CAMIÑO DO PÍO, 4 (DEVESA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0093	AVDA. SAN CRISTOBO	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0094	AVDA. SAN CRISTOBO, 38	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0095	CAMIÑO DO MONTE PEQUENO, 56	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0096	1ª TRAVESIA DO MONTE PEQUENO,	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0097	AVDA. SAN CRISTOBO, 14	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0098	AVDA. DE SAN CRISTOBO, 10	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0099	CAMIÑO DE GONDOMAR, 2	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0100	CAMIÑO DE GONDOMAR, 2	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0101	CAMIÑO DE GONDOMAR, 20	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0102	CAMIÑO DE GONDOMAR, 26	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0103	CAMIÑO DE GONDOMAR, 28	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0104	AVDA. DO AEROPORTO, 433	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0105	CAMIÑO DO PARACHÁN, 59	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0106	CAMIÑO DO PARACHAN, 72	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0107	RÚA MONTIÑO, 6	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0108	RÚA PENÍS, 108	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0109	RÚA DE FIGUEIRAS, 122	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0110	CAMIÑO DAS FIGUERIAS, 9	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0111	AVDA. SANTA MARIÑA	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0112	CAMIÑO DO CASAL, 34	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0113	CAMIÑO DAS ÁNIMAS, 3	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0114	AVDA. SANTA MARIÑA, 75	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0115	RÚA DE ALZA, 10	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0116	RÚA ALZA, 16	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0117	CAMIÑO DAS ÁNIMAS, 3	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0118	RÚA ALZA, 15	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0119	CAMIÑO DAS ÁNIMAS, 15	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0120	RÚA DAS ÁNIMAS, 19	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0121	RÚA ALZA, 36	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0122	RÚA ALZA, 38	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0123	CAMIÑO DO POUZO, 91	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0124	CAMIÑO CASCALLERIA, 38	TEIS, SAN SALVADOR
01-0125	ESTRADA Á MADROA, 49	TEIS, SAN SALVADOR
01-0126	ESTRADA DA MADROA, 93	TEIS, SAN SALVADOR
01-0127	CAMIÑO DO SIL, 3 (DEVESA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0128	SUBIDA Á MADROA, 36 (DEVESA)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
Identificador	Lugar	Parroquia
01-0129	CAMIÑO DE SALVADOS, 20	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0131	CAMIÑO DE XUNCO MARIÑO	CANDEÁN, SAN CRISTOBO





## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

01-0132	RÚA SUBRIDE, 122 (SUBRIDE)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0133	BAIXADA DAS ROTESAS, 163	LAVADORES, SANTA CRISTINA
01-0134	BAIXADA DAS ROTEAS, 163	LAVADORES, SANTA CRISTINA
01-0135	CAMIÑO DO BLANQUEIRO, 31	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0136	CAMIÑO DO MONTE PEQUENO, 22-	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0137	CAMIÑO DA MACEIRA, 9	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0138	CAMIÑO DA MACEIRA, 2	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0139	RÚA FONTE ESCURA, 119 (FONTE	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0140	RÚA SUBRIDE, 122 (SUBRIDE)	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0141	CAMIÑO DA COVELA, 7 (FONTE	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0142	CAMIÑO DA COVELA, 22 (FONTE	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0143	CAMIÑO DA FELISA, 14 (FONTE	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0144	RÚA BREA (SAMPAIO DE ABAIXO)	LAVDORES, SANTA CRISTINA
01-0145	CAMIÑO DO CEREIRO, 35 (FONTE	CANDEÁN, SAN CRISTOBO
01-0146	AVDA. RAMÓN NIETO, 372	LAVADORES, SANTA CRISTINA
01-0147	RÚA SEVERINO COBAS, 59	LAVADORES, SANTA CRISTINA
01-0148	RÚA SAN CAETANO, 30	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0149	RÚA FONTIÑAS, 20	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0150	RÚA FONTIÑAS, 27	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0151	FONTIÑAS DE ABAIXO, 10	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0152	FONTIÑAS DE ABAIXO, 8	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0153	SUBIDA CEMITERIO, S/N.	CABRAL, SANTA MARIÑA
01-0154	CAMIÑO DOS FREIRES, 3	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0155	CAMIÑO DOS FREIRES, 5	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0156	CAMIÑO PUGA, S/N	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0157	CAMIÑO DOS FREIRES, 24	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0158	CAMIÑO DO ESPARRAMÁN, 8	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0159	CAMIÑO DO ESPARRAMÁN, 1	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0160	CAMIÑO DO ESPARRAMÁN, 5	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0161	CAMIÑO XESTOSO, 63	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0162	CAMIÑO XESTOSO, 30	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0163	CAMIÑO XESTOSO, 67	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0164	CAMIÑO DO XESTOSO, 56	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0165	CAMIÑO XESTOSO, 60	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0166	CAMIÑO DO ESPARRAMÁN, 18	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0167	CAMIÑO DO PAIO, 17	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0168	CAMIÑO DO PAIO, 9	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0169	RÚA REGADA, 39	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0170	RÚA REGADA, 35	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0171	RÚA DAS CHANS, 18	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0172	SUBIDA A CHANS, 41	BEMBRIVE, VIGO
01-0173	RÚA DAS CHANS, 30	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0174	RÚA DAS CHANS, 31	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0175	RÚA SAN CIBRÁN, 18	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0176	RÚA DE SAN CIBRÁN, 22	BEMBRIVE, SAN BLÁS
Identificador	Lugar	Parroquia
01-0177	CAMIÑO DOS XOSPALLEIROS, 2	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0178	CAMIÑO DOS XOSPALLEIROS, 4	BEMBRIVE, SAN BLÁS



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

01-0179	CAMIÑO MIRAGAIA, 8	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0180	CAMIÑO MIRAGAIA, 8	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0181	RÚA SAN CIBRÁN, 32	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0182	CAMIÑO DE VILARIÑO, 15	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0183	ESTRADA DE CIDÁNS, 60	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0184	ESTRADA DE ZAMÁNS, 260	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0185	ESTRADA DE ZAMÁNS, 264	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0186	ESTRADA DE HERVILLE, 60	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0187	ESTRADA DE HERVILLE, 84	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0188	ESTRADA DA IGREXA, 163	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0189	ESTRADA DA IGREXA, 224	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0190	ESTRADA DA IGREXA, 127	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0191	ESTRADA DE IGREXA, 178	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0192	ESTRADA DA IGREXA, 164	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0193	ESTRADA DA IGREXA, 162	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0194	ESTRADA DA IGREXA, 115	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0195	ESTRADA DE IGREXA, 154	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0196	ESTRADA DA IGREXA, 103	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0197	ESTRADA DA IGREXA, 63	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0198	ESTRADA DA IGREXA, 51	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0199	ESTRADA DA IGREXA, 49	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0200	ESTRADA DE ZAMÁNS, 210	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0201	ESTRADA DE ZAMÁNS, 259	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0202	ESTRADA DE ZAMÁNS, 261	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0203	ESTRADA DE CIDÁNS, 14	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0204	ESTRADA DE CIDÁNS, 7	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0205	ESTRADA DE CIDÁNS, 5	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0206	ESTRADA DE CIDÁNS, 55	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0207	ESTRADA DE CIDÁNS, 57	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0208	ESTRADA DE CIDÁNS, 59	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0209	ESTRADA DE CIDÁNS, 61	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0210	ESTRADA DE CIDÁNS, 83	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0211	ESTRADA DE CIDÁNS, 40	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0212	ESTRADA DE CIDÁNS, 30	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0213	ESTRADA DE CIDÁNS, 58	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0214	ESTRADA DE CIDÁNS, 62	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0215	ESTRADA DE CIDÁNS, 52	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0216	ESTRADA DE CIDÁNS, 65	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0217	ESTRADA DE CIDÁNS, 71	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0218	ESTRADA DE CIDÁNS, 27	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0219	ESTRADA DE ZAMÁNS, 192	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0220	ESTRADA DE MARCOSENDE, 131	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0221	ESTRADA DE MARCOSENDE, 113	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0222	CAMIÑO DE VILARIÑO, 31	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0223	CAMIÑO DE VILARIÑO, 15	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
<b>Identificador</b>	<b>Lugar</b>	<b>Parroquia</b>
01-0224	CAMIÑO DE VILARIÑO, 16	ZAMÁNS, SAN MAMEDE
01-0225	ESTRADA DA IGREXA, 200	ZAMÁNS, SAN MAMEDE



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

01-0226	CAMIÑO DAS CERDEIRAS, 27	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0227	CAMIÑO DAS CERDEIRAS	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0228	CAMIÑO DAS CERDEIRAS	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0229	CAMIÑO DAS CERDEIRAS, 11	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0230	CAMIÑO DO CARBALLAL, 54	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0231	CAMIÑO DO CARBALLAL, 56	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0232	CAMIÑO DO CARBALLAL, 37	BEMBRIVE, SAN BLÁS
01-0233	CAMIÑO CARBALLAL, 48	BEMBRIVE, SAN BLÁS
07-0061	CASAS	CAMIÑO DO LARANXO, 3
07-0055	CASAS	CAMIÑO DO ABANICO, 7
07-0053	CASAS	RÚA PORTOLOUREIRO, 14
07-0059	CASAS	CAMIÑO CERDEIRA, 17
07-0008	CASAS	RÚA BECERREIRA, 125
07-0009	CASAS	RÚA BECERREIRA, 170
07-0040	CASAS	CAMIÑO DO CACHENO, 34
07-0038	CASAS	CAMIÑO DO CACHENO, 35
07-0027	CASAS	CAMIÑO DO LAGO, 1
07-0067	CASAS	CAMIÑO BAIXADA Ó OUTEIRO, 24 (TOMADA)
07-0063	CASAS	BAIXADA Ó OUTEIRO, 6 (TOMADA)
07-0064	CASAS	CAMIÑO DO PINAL, 12 (TOMADA)

c) PALCOS DA MÚSICA<sup>10</sup>.

Dentro desta protección xenérica quedan incluídos, con PROTECCIÓN ESTRUCTURAL, todos os Palcos da Música recollidos nas fichas de “Conxuntos parroquiais” do *Catálogo do Patrimonio Etnográfico Inmóble* elaborado polo Concello de Vigo.

<sup>10</sup> A súa ficha figura no Catálogo de Patrimonio Etnográfico Inmóble do Concello de Vigo.



- Palco da Música de Beade
- Palco da Música de Cabral
- Palco da Música de Valadares
- Palco da Música de Teis
- Palco da Música dos Liñares (Oia)
- Palco da Música de Comesaña

### 3.4.3. Grao 3º. PROTECCIÓN AMBIENTAL.

Que se aplica a edificios que, ben illados ou ben en conxuntos, conforman tramos ou áreas urbanas de calidade, en bo ou regular estado de conservación, aínda cando individualmente non presenten notables valores arquitectónicos, pero que representan os restos dunha arquitectura rural ou urbana propia do lugar.

A protección ambiental regúlase en dous grandes apartados, un o de elementos catalogados de maneira expresa, con ficha e número de catálogo, e outro o dos edificios, parcelas ou espazos interiores de couzada que se protexen para garantir o seu mantemento. Dentro desta categoría inclúense os edificios e construcións que se integran dentro dos contornos de protección definidos para igrexas e pazos do termo municipal de Vigo.

Alén da protección que fixa a Normativa do PXOM para os bens que se relacionan a continuación, para autorizar o traslado de calquera destes elementos será necesaria a autorización do organismo competente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Así mesmo quedan protexidas por este Catálogo nesta categoría (**AMBIENTAL 1**) -de maneira xenérica- os elementos de interese da arquitectura tradicional adxectiva que seguen. Todos eles son trasladables previa autorización expresa da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.



## a) ARQUITECTURA TRADICIONAL ADXECTIVA

identificador	tipo	lugar
06-0002	ALBOIO	RÚA DA RABADEIRA, 48
08-0002	FORNO	RÚA DO SALGUEIRO, 35 (SALGUEIRO)
08-0001	FORNO	RÚA DO SALGUEIRO
03-0100	FONTES	CAMIÑO DA FONTE (VILAR)
03-0089	FONTES	RÚA DO PIÑEIRO (PIÑEIRO)
04-0013	LAVADOIROS	CARRETERA VELLA DE MADRID (NAIA)
15-0004	ADEGA	RÚA SAMPAIO, 54 (BARREIRO)
32-0001	EIRA	RÚA SAMPAIO, 61 (BARREIRO)
08-0006	FORNO	RÚA SAMPAIO, 51 (BARREIRO)
04-0006	LAVADOIROS	RÚA ALCALDE DE LAVADORES (GANDARIÑA)
03-0101	FONTES	RÚA ALCALDE DE LAVADORES (GANDARIÑA)
03-0090	FONTES	RÚA PAZ PARDO (GANDARIÑA)
03-0058	FONTES	CAMIÑO DO MEIXUEIRO.
03-0099	FONTES	RÚA ANDURIÑA (LAVADORES)
03-0085	FONTES	RÚA CURROS
03-0062	FONTES	RÚA DO FOLÓN (BOUCIÑA)
03-0061	FONTES	RÚA CAMIÑO DA BOUCIÑA (BOUCIÑA)
03-0060	FONTES	RÚA SEVERINO COBAS (SABAXANS)
03-0033	FONTES	RÚA SEVERINO COBAS (SABAXANS)
03-0038	FONTES	TRASEIRA DO GRUPO DE VIVENDAS SANTA
03-0014	FONTES	CAMIÑO DA ESQUEIRIÑA
04-0002	LAVADOIROS	SUBIDA Á MADROA (CANDEÁN-DEVESA)
03-0024	FONTES	CAMIÑO DO PÍO (CANDEÁN-DEVESA)
03-0031	FONTES	DEVESA DE CANDEÁN
03-0032	FONTES	AVDA. DO AEROPORTO NO CRUCE DO
03-0025	FONTES	RÚA DA GOLETA
03-0013	FONTES	CAMIÑO DO COCHO (MOUTEIRA)
03-0012	FONTES	RÚA DDOS COCHEIROS, 16
03-0011	FONTES	CAMIÑO DO SOLOMBO (SOEIROS-RABADEIRA)
04-0003	LAVADOIROS	Na traseira dunha serie de vivendas á beira da
03-0027	FONTES	CAMIÑO DE GONDOMAR (CANDEÁN DE
03-0035	FONTES	CAMIÑO DA BARCA
03-0034	FONTES	CAMIÑO DAS MACEIRAS
03-0026	FONTES	CAMIÑO DA FONTE DAS BECHAS
04-0009	LAVADOIROS	CAMIÑO DOS LAGOS (CANDEÁN DE ABAIXO)
03-0036	FONTES	FONTE ESCURA
03-0088	FONTES	CAMIÑO DE CARBALLEIROS (NAIA)
03-0057	FONTES	ENTRE AS RÚAS NAIA E NOLANO (NAIA)
03-0087	FONTES	CAMIÑO DE BOUZABOA (NAIA)
03-0086	FONTES	RÚA DE NAIA (NAIA)
03-0097	FONTES	RÚA DAS FONTÁNS (PORTELA)
03-0098	FONTES	RÚA DAS FONTÁNS
03-0084	FONTES	AVDA. RAMÓN NIETO.
03-0037	FONTES	TRAVESÍA DE PARDAVILA (PARDAVILA)



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

identificador	tipo	lugar
04-0012	LAVADOIROS	TRAVESÍA DE PARDAVILA (PARDAVILA)
03-0063	FONTES	CORREDOIRA ENTRE AS RÚAS DE BREA E
03-0064	FONTES	RÚA CAMBESES (CAMBESES)
03-0059	FONTES	CAMIÑO DA LAMBAIA (NAIA)
13-0001	POMBAL	RÚA SUBRIDE
05-0008	LAGAR	CAMIÑO DAS PONTES, 8-10 (NAIA)
17-0001	ENTRADA	RÚA DE FONTÁNS, 158
16-0001	PONTES	RÚA SEVERINO COBAS (CAMBESES)
15-0001	ADEGA	RÚA MANUEL ÁLVAREZ
04-0054	LAVADOIROS	AVDA. ATLÁNTIDA (ROADE)
04-0052	LAVADOIROS	BARRIO DA FONTE.
03-0158	FONTES	CAMIÑO DO FORTE (LUGAR DA MONTAÑA)
15-0003	ADEGA	CAMIÑO DA FONTE (FONTE)
31-0001	SILO	RÚA DAS CASTAÑAS, 28 (CRUCEIRO)
30-0001	CORREDOIRA	CAMIÑO DO GATO
13-0005	POMBAL	AVELLEIRA-CHAN DE LAGOAS
13-0004	POMBAL	SOBRE O CAMIÑO DO RÍO (BARRIO DO RÍO)
05-0017	LAGAR	CAMIÑO DO FRAGOSELO.
05-0016	LAGAR	RÚA LONGRA, 100 (BOUZÓS)
05-0014	LAGAR	CAMIÑO DA TORRE, 6 (TORRE DE ABAIXO)
05-0015	LAGAR	CAMIÑO DA TINTUREIRA, 37 (TINTUREIRA)
28-0001	INMOBLE	XUNQUEIRA DO LAGARES.
08-0005	FORNO	FRAGOSELO, 280 (VOLTÍÑA)
03-0160	FONTES	CAMIÑO DO RIAL (RIAL)
04-0055	LAVADOIROS	CAMIÑO DO RIAL (RIAL)
04-0035	LAVADOIROS	CAMIÑO DE SANÍN (SANÍN)
04-0034	LAVADOIROS	CAMIÑO DE RODEIRA (RODEIRA)
03-0164	FONTES	CAMIÑO DA RODEIRA (RODEIRA)
06-0006	ALBOIO	ESTRADA DE MARCOSENDE, 39
18-0001	PALLEIRO	ESTRADA DE VILAVERDE, 170
06-0003	ALBOIO	ESTRADA DA IGREXA, 200
27-0001	POZO	SEIXO, 43
04-0040	LAVADOIROS	CAMIÑO DAS FONTIÑAS
03-0144	FONTES	RÚA SAA MONTE
03-0148	FONTES	CAMIÑO DE FONTÁN (FONTÁN)
25-0002	ESCUDOS	BAIXADA Á PRAIA, 4 (ORXAS)
04-0046	LAVADOIROS	CAMIÑO DE VILAVERDE (VILAVERDE)
05-0013	LAGAR	CAMIÑO DE HERMIDE, 21 (HERMIDE)
03-0159	FONTES	RÚA TOMADA (BARRIO TOMADA)
33-0001	SERRERIAS	MONTE DO GATO
03-0163	FONTES	CAMIÑO DA FONTE (FRAGOSELO)
04-0053	LAVADOIROS	NO CURSO DO RÍO DOS PONTON.
03-0162	FONTES	CAMIÑO DE BOUZÓS (BOUZÓS)
05-0019	LAGAR	CAMIÑO DO RIAL.
06-0012	ALBOIO	CAMIÑO DO RIAL
05-0018	LAGAR	RÚA DO TOMBO
03-0125	FONTES	CAMIÑO DO OUTEIRO (CASÁS)



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

identificador	tipo	lugar
03-0074	FONTES	RÚA ARNELA, 87
03-0073	FONTES	AVDA. DE GALICIA, 240
03-0047	FONTES	CAMIÑO CASCALEIRA, S/N.
03-0072	FONTES	CAMIÑO CASCALEIRA, S/N.
03-0071	FONTES	SUBIDA Ó CIMETERIO, S/N.
03-0070	FONTES	CAMIÑO FERREIRA, 29
03-0069	FONTES	CAMIÑO DO PINGUE, S/N.
03-0068	FONTES	CARRETERA DA MADROA
05-0005	LAGAR	RÚA FONTIÑAS, 20
05-0003	LAGAR	RÚA PARADA, 14
03-0012	FONTES	RÚA DOS COCHEIROS, 16
03-0107	FONTES	LAGOA, S/N.
04-0023	LAVADOIROS	CU DA VIÑA, S/N.
03-0110	FONTES	ESTRADA DO PORTO, 56
05-0004	LAGAR	RÚA BECERREIRA, 125
05-0002	LAGAR	AVDA. SANTA MARIÑA, 308
03-0039	FONTES	RÚA CURRÁS, S/N.
03-0040	FONTES	RÚA FONTIÑAS DE ABAIXO, S/N.
04-0051	LAVADOIROS	NUNHA CORREDOIRA PARALELA Ó CAMIÑO DA
03-0156	FONTES	CAMIÑO DA TABERNA (GURAZ)
03-0157	FONTES	BARRIO DA PEDREIRA.
04-0050	LAVADOIROS	SOBRE O CURSO DO REGATO DO BAO, NO
03-0161	FONTES	MONTE DO GATO
03-0155	FONTES	CAMIÑO DA TORRE (TORRE DE ARRIBA)
04-0047	LAVADOIROS	CAMIÑO DO RIO (RÍO)
04-0049	LAVADOIROS	CAMIÑO DE SAN LOURENZO (SAN LOURENZO)
03-0154	FONTES	ESTRADA DO BAO
03-0152	FONTES	CAMIÑO DO CEÁN NA CONFLUENCIA COA
04-0048	LAVADOIROS	AS SALINAS (XUNQUIRA DO LAGARES)
17-0005	ENTRADA	BARRIO DO ABADE.
17-0004	ENTRADA	CAMIÑO DO COMBRO, 121 (COMBRO)
13-0003	POMBAL	RÚA MATAMÁ-PAZO (TOMBO)
15-0005	ADEGA	CAMIÑO DA PEDRA BLANCA, 22 (CASÁS)
05-0020	LAGAR	CAMIÑO DO OUTEIRO, 8 (CASAS)
06-0010	ALBOIO	ESTRADA MATAMÁ-PAZO.
03-0165	FONTES	CAMIÑO DOS REGUEIROS (CASÁS)
08-0003	FORNO	RÚA DO ROUPEIRO (ROUPEIRO)
03-0121	FONTES	RÚA DA Balsa (Balsa)
03-0122	FONTES	ESTRADA DA Balsa (Balsa)
03-0128	FONTES	ESTRADA DE BEIRÁN (BEIRÁN)
03-0113	FONTES	AVENIDA DE CASTRELOS (CAMPOS)
03-0116	FONTES	RÚA MANUEL COMINGUES (CARAPUCHA)
03-0129	FONTES	RÚA MANEL COMINGUES (CARNEIRAS)
03-0117	FONTES	CAMIÑO DE LAGARELLA (LAGARELLA)
03-0115	FONTES	CAMIÑO DO OUTEIRO (LAGARELLA)
04-0031	LAVADOIROS	BAIXADA O MOO (MOO)
03-0114	FONTES	RÚA PARADA (PARADA)





## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

identificador	tipo	lugar
04-0030	LAVADOIROS	RÚA DA REVOLTA (REVOLTA)
04-0033	LAVADOIROS	ACCESIBLE POR UNHA CORREDOIRA DE
04-0032	LAVADOIROS	CAMIÑO DA Balsa NA SÚA CONFLUENCIA COA
03-0124	FONTES	RÚA DO ROUPEIRO (ROUPEIRO)
03-0123	FONTES	CAMIÑO DO VILAR (VILAR)
05-0010	LAGAR	CAMIÑO ANTERGO DO PORTA, 126 (PORTAL)
05-0009	LAGAR	CAMIÑO DO SOUTO (FREIXO)
03-0146	FONTES	ESTRADA DO PORTAL, 186 (SOBREIRA)
04-0045	LAVADOIROS	ESTRADA DA GARRIDA (SOBREIRA)
03-0132	FONTES	SUBIDA DAS BARROCAS (BARROCAS)
03-0131	FONTES	SUBIDA DAS BARROCAS (BARROCAS)
03-0130	FONTES	CAMIÑO DA IGREXA (BARROCAS)
03-0138	FONTES	CAMIÑO DO CANIZO (CARREGAL)
03-0119	FONTES	CAMIÑO DO SOUTO (FREIXO)
03-0118	FONTES	NUNHA CORREDOIRA ENTRE CAMPOS PRETO
03-0139	FONTES	Ó REMATE DUNHA CORREDORIA QUE SE
04-0028	LAVADOIROS	CAMIÑO DE FABAS (SOBREIRA)
03-0140	FONTES	ESTRADA DA GARRIDA (SOBREIRA)
03-0120	FONTES	CAMIÑO DE SAN XOÁN (SAN XOÁN)
25-0001	ESCUDOS	CAMIÑO DA MARQUESA, 3 (IGREXA)
04-0017	LAVADOIROS	ESTRADA DE ZAMÁNS, 191
04-0016	LAVADOIROS	ESTRADA DE MARCOSENDE, 40
03-0095	FONTES	ESTRADA DE MARCOSENDE, 69
03-0094	FONTES	ESTRADA DE MARCOSENDE, 149
03-0007	FONTES	CAMIÑO CASAL DE ABADE, 17
04-0042	LAVADOIROS	CAMIÑO ABANICO
04-0044	LAVADOIROS	COUTADA.
03-0145	FONTES	RAMIRO PASCUAL
04-0043	LAVADOIROS	ESTRADA DA VENDA
04-0022	LAVADOIROS	BALDE
03-0106	FONTES	CABADA, 12
03-0108	FONTES	CAMIÑO MILLADA
03-0109	FONTES	CAMIÑO DA VACA MORTA.
03-0150	FONTES	NO CURCE ENTRE A ESTRADA IGREXA-
03-0151	FONTES	CAMIÑO DA LAVANDEIRA (LAVANDEIRA)
08-0004	FORNO	CAMIÑO DE OIA, 44 (OIA)
03-0149	FONTES	CAMIÑO DE OIA (OIA)
03-0147	FONTES	AVDA. RICARDO MELLA (VERDELLA)
03-0111	FONTES	FIGUEIROS, 14
04-0024	LAVADOIROS	PORTALERAS, S/N.
03-0112	FONTES	CAMIÑO PEÑA
04-0025	LAVADOIROS	CAMIÑO DAS PORTALEIRAS.
04-0027	LAVADOIROS	ESTRADA DO PORTO, S/N.
04-0026	LAVADOIROS	PALMIRA, 6
04-0029	LAVADOIROS	ESTRADA DO PORTO
04-0014	LAVADOIROS	RIOMAO
04-0015	LAVADOIROS	CAMIÑO DE PRESAS



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

identificador	tipo	lugar
06-0011	ALBOIO	CAMIÑO DO ABANICO, 8
06-0007	ALBOIO	RÚA DO BALDE, 3
06-0008	ALBOIO	CAMIÑO DO FACHO, 6
06-0009	ALBOIO	CAMIÑO DAS PORTELEIRAS, 24
06-0004	ALBOIO	RÚA POULEIRA, 20
06-0005	ALBOIO	COSTA DA GÁNDARA, 4
17-0002	ENTRADA	CAMIÑO BABIO, 24
13-0002	POMBAL	DORNELAS, 12
15-0002	ADEGA	RÚA CASTAÑAL
17-0003	ENTRADA	RÚA MONTECELO BAIXO, 27
04-0018	LAVADOIROS	RÚA CANCELO, S/N.
04-0019	LAVADOIROS	1ª TRAVESÍA DOS FOXOS, 19
03-0096	FONTES	CAMIÑO PINELAS, 11
03-0078	FONTES	RÚA OLIVEIRA, 69
03-0079	FONTES	BAIXADA RÍOS, 193
03-0076	FONTES	CAMIÑO DE RÍOS, 19
04-0036	LAVADOIROS	CAMIÑO CORREDOMO
04-0037	LAVADOIROS	RÚA MESTRES GOLDAR, S/N.
03-0137	FONTES	CAMIÑO DE VILOURA, 52
03-0127	FONTES	CAMIÑO DE VILOURA, 52
03-0048	FONTES	CAMIÑO DE VILOURA, 52
04-0038	LAVADOIROS	CAMIÑO VILOURA, 111
04-0039	LAVADOIROS	RÚA PORTOLOUREIRO, S/N.
16-0003	PONTES	CAMIÑO DO MONTE, S/N.
03-0077	FONTES	CAMIÑO REAL, S/N.
03-0081	FONTES	CAMIÑO XUNCAL, 14
04-0011	LAVADOIROS	CAMIÑO XUNCAL, S/N.
03-0080	FONTES	CAMIÑO XUNCAL, 83
03-0083	FONTES	RÚA RORIS, 54
03-0082	FONTES	CAMIÑO POULEIRA, S/N.
03-0075	FONTES	CAMIÑO REAL, 31
03-0067	FONTES	CAMIÑO DE XORXA, 37
03-0065	FONTES	RÚA PARADELA, 58
03-0066	FONTES	CAMIÑO DA TRAÍDA DAS AUGAS, 22
04-0010	LAVADOIROS	AVDA. DE GALICIA, 304
03-0028	FONTES	CAMIÑO DA BUIÑA, S/N.
03-0029	FONTES	CAMIÑO PADÍN, 21
03-0030	FONTES	CAMIÑO PUMARIÑO, S/N.
03-0023	FONTES	ESTRADA DA MADROA, S/N.
16-0004	PONTES	RÚA DE MUIÑOS SOBRE O RÍO LAGARES
03-0126	FONTES	RÚA DA COSTA, S/N.
16-0002	PONTES	CAMIÑO FINCA DOS AIRES, S/N.
05-0012	LAGAR	CARRETERA DE MOLEDO, 36
05-0011	LAGAR	CAMIÑO PESCADERÍA, 42
03-0133	FONTES	3ª TRAVESÍA ESTRADA PROVINCIAL E
03-0126	FONTES	BAIXADÁ SALGUEIRA, 78
03-0135	FONTES	CAMIÑO DOS AIRES, S/N.



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

identificador	tipo	lugar
03-0136	FONTES	CAMIÑO SUBIDA MONTE DA SERRA, S/N.
03-0141	FONTES	CRUCE MIRAFLORES
03-0142	FONTES	CARRETERA DE MOLEDO
04-0041	LAVADOIROS	ESTRADA DE FRAGOSIÑO, S/N.
03-0143	FONTES	ESTRADA DE MARCO, 30
03-0104	FONTES	CAMIÑO COBA, 52
06-0001	ALBOIO	CAMIÑO DO SOUTO, 11
04-0007	LAVADOIROS	AVDA. RAMÓN NIETO, S/N.
04-0008	LAVADOIROS	RÚA DE FIGUEIRAS, S/N.
04-0005	LAVADOIROS	AVDA. DA PONTE, S/N.
04-0004	LAVADOIROS	RÚA DE ALZA, 72
03-0015	FONTES	RÚA CORUXEIRA, S/N.
03-0022	FONTES	CAMIÑO VELLO, S/N.
03-0020	FONTES	RÚA FONTAIÑA, S/N.
03-0019	FONTES	RÚA BECERREIRA, 2
03-0021	FONTES	BAIXADA Á IGREXA, 7
03-0018	FONTES	CAMIÑO DE NARXO, S/N.
03-0017	FONTES	CAMIÑO DO MONTE, S/N.
03-0016	FONTES	RÚA BECERREIRA, S/N.
03-0010	FONTES	CAMIÑO SOUTO, S/N
03-0009	FONTES	CAMIÑO SOUTO, S/N.
03-0008	FONTES	RÚA GONDARISCO, 7
03-0006	FONTES	CAMIÑO DE SANIN, S/N.
03-0005	FONTES	RÚA AMEAL, S/N.
03-0004	FONTES	AVDA. DO TRANVÍA, S/N.
04-0001	LAVADOIROS	AVDA. DO TRANVÍA, S/N.
03-0002	FONTES	RÚA AMEAL, S/N.
03-0001	FONTES	CAMIÑO DA RETORTA, 41
03-0003	FONTES	CAMIÑO DA RETORTA, 41
05-0007	LAGAR	CAMIÑO DO COCHO, 61
05-0006	LAGAR	CAMIÑO MIRAGAIA, 8
04-0020	LAVADOIROS	BAIXADA DO RÍO
03-0103	FONTES	COSTA DA PETETA
03-0105	FONTES	CAMIÑO DO CACHENO, 47
04-0021	LAVADOIROS	CAMIÑO DO MUXO
03-0091	FONTES	RÚA DE SEGADE, 94
03-0092	FONTES	ESTRADA DE BEMBRIVE, 195
03-0093	FONTES	RÚA DE EIFONSO, 57
03-0056	FONTES	RÚA RECARÉ, S/N.
03-0055	FONTES	CAMIÑO DE CASTIÑEIRAS, 40
03-0054	FONTES	CAMIÑO DE NOVELOS, S/N.
03-0050	FONTES	RÚA DA IGREXA
03-0051	FONTES	RÚA DO RÍO, S/N.
03-0052	FONTES	ESTRADA DA CRUZ, 3
03-0049	FONTES	CAMIÑO DA RAÍÑA, S/N.
03-0043	FONTES	CAMIÑO DE PUGA
03-0042	FONTES	CAMIÑO DOS FREIRES, S/N.



identificador	tipo	lugar
03-0041	FONTES	CAMIÑO XESTOSO, 101
03-0044	FONTES	CAMIÑO DO POUZO, 1
03-0046	FONTES	CAMIÑO DOS XOSPALLEIROS.
03-0045	FONTES	RÚA DE SAN CIBRÁN
03-0053	FONTES	CAMIÑO DEVESA, S/N.

**b) BALCÓNS E MIRADOIROS DE MADEIRA E FORXA**

Protéxense os balcóns e miradoiros de madeira e forxa de deseño singular que son característicos dun estilo arquitectónico ou dunha etapa histórica concreta.

**c) CARPINTERÍAS ARTÍSTICAS E VARANDAS DE FERRO**

Protéxense as portas, xanelas e portadaire de madeira singulares que son características dun estilo arquitectónico ou dunha etapa histórica concreta. A mesma protección merecen as varandas de ferro fundido que locen escaleiras interiores, balcóns e portadaire.

**d) AZULEXARÍA ANTIGA E VIDREIRAS ORNAMENTAIS**

Protéxese a azulexaría ornamental de interiores e exteriores de vivendas e edificacións que sexa representativa dun estilo ou dun período artístico de carácter histórico.

Idéntica protección merecen as vidreiras ornamentais que sexan representativas dun estilo ou dun período artístico de carácter histórico.

**e) CORREDOIRAS EMPEDRADAS E VALADOS TRADICIONAIS DAS PROPIEDADES <sup>11</sup>**

- Paseo de acceso á carballeira de Teis
- Corredoira que parte da estrada do Portal-A Senra (Valadares)

---

<sup>11</sup> A súa ficha figura no Catálogo de Patrimonio Etnográfico Inmóble do Concello de Vigo.



f) PAVIMENTOS

Quedan protexidos todos os pavimentos tradicionais vigueses en base á categorización fixada por Javier A. Franco Rabuñal e Vicente Pintos Santiago, autores dun traballo específico sobre esta materia por encomenda do Concello de Vigo.

g) CAMIÑOS HISTÓRICOS

Queda protexido, con nivel de protección integral, o Camiño Portugués a Santiago nas súas dúas variantes: *Camiño Portugués do Norte* e *Camiño Portugués da Costa*, tal e como figuran descritos nas súas fichas correspondentes. Esta protección faise ao abeiro do establecido nos arts. 17, 18 e 19 da Lei 3/96, do 10 de maio (DOG 23 de maio), de Protección dos Camiños de Santiago. Porén este camiño permanece aínda sen delimitar por parte do organismo competente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, polo que o seu trazado non é oficial carecendo, asemade, da consideración de Ben de Interese Cultural (BIC).

#### 4 DESCRICIÓN DA FICHA DE CARACTERÍSTICAS

Para organizar o contido descritivo e de catalogación de cada elemento, elaborouse unha ficha tipo individualizada, cuxo modelo permite recoller de maneira sinxela datos suficientes para a súa definición e valoración de forma sintética pero suficiente para a súa determinación e tratamento normativo máis específico.

Descubrimos a continuación cada un dos bloques das fichas:

##### 4.1 CLASE ELEMENTO

No ángulo superior dereito aparece un apartado co nome de *Clase Elemento*, onde se consigna a clasificación dos elementos catalogados. Este apartado permite seleccionar entre:

A; Arquitectura: Inclúe vivendas e edificios exentos e entre medianeiras de autoría recoñecible ou



anónima destinada a usos residenciais, terciarios, dotacionais, artesanais e/ou industriais, relixiosos, etc.

*C*; Achados arqueolóxicos: Refírese a achados catalogados pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia segundo a definición que destes elementos fai o art. 59 da Lei 8/1995.

*E*; Etnografía: Refírese a toda arquitectura ou construción de carácter productivo de características tradicionais, tal que: pombais, canastros, muíños de vento e hidráulicos, palleiras, fornos, eiras, lagares, pesqueiras, fontes, lavadoiros e outros elementos análogos.

*I*; Infraestruturas: Fai referencia a aqueles elementos de carácter tradicional, con funcionalidades de transporte, comunicación, servizo á economía tradicional, etc... tal que: faros, pontes, pontellas, pasos, regos, pasais, e outros elementos análogos de relevancia patrimonial.

*S*; Espazos: Fai referencia a aquela parte do territorio construído desprovisto de edificación e/ou construcións que ten valor de seu na conformación da paisaxe urbana e rural, tal como: camiños históricos, curros, alamedas, prazas, adros parroquiais, xardíns históricos ou espazos agrarios singulares, e outros elementos análogos.

*U*; Urbanísticos: Pensada para recoller couzadas ou conxuntos de edificacións de calidade.

*X*; Xacementos Arqueolóxicos: Refírese a xacementos arqueolóxicos catalogados pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia segundo a definición que destes elementos fai o art. 55 da Lei 8/1995.

*O*; Outros; Aqueles outros que, sen estar incluídos nalgunha das clases anteriores, se entende polo PXOM que deben dispor das necesarias medidas de protección que garantan a súa acaída conservación.

## 4.2 TIPOLOXÍA

O recadro que consigna a *Tipoloxía*, designa os distintos tipos de elementos que se encadran dentro dos seis (6) apartados nos que aparece dividido o combo anterior, que recibe o nome de *CLASE ELEMENTO*. Nel recóllense os seguintes tipos de bens:



ACUEDUCTOS; AIRAS; ALAMEDAS; BOSQUES; CAMIÑOS HISTÓRICOS; CARBALLEIRAS; CEMITERIOS; CIVIL; CONXUNTOS HISTÓRICOS; CRUCEIROS; ESCUDOS; ESCULTURAS; FAROS; FONTES; FORNOS; HÓRREOS; INDUSTRIAL; LAVADOIROS; MILITAR; MUÍÑOS; MUSEOS; NÚCLEOS RURAIS; PAISAXÍSTICOS; PALCOS DE MÚSICA; PALLEIRAS; PASAIS-PONTELLAS; PETOS DE ÁNIMAS; PLACA CONMEMORATIVA; POMBAIS; PONTES; PRAZAS; RELIXIOSA; RELOXOS DE SOL; RÚAS; XARDÍNS-PARQUES

#### 4.3 N° DE FICHA

Este apartado designa o N° de Ficha encabezado por unha das iniciais recollidas no punto 1 (A, E, I, S, U, X ou 0). De seguido unha orde numérica correlativa convencional de tres díxitos (do 001 ao 999) precedida dun guión baixo: \_.

#### 4.4 CLAVE PLANO

A columna horizontal complétase co recadro identificado co nome *Clave Plano*, onde se consigna outra clave alfanumérica formada por unha inicial alfabética e un dígito (do 1 ao 9) separados por un guión alto. Esta clave determina a localización en plano do ben correspondente.

#### 4.5 FOTOGRAFÍA e PLANO DE EMPRAZAMENTO

Baixo esta barra horizontal dispónse outra, de maior tamaño, dividida en dous apartados por unha barra vertical. No lado esquerdo da ficha sitúase unha Fotografía dixital do ben catalogado desde unha perspectiva de conxunto. De non ser posible fotografar o ben na súa complitude, figurará outra na que se contemple o aspecto máis definitivo do elemento. A maiores poderán figurar outras imaxes de detalle do ben en cuestión, unicamente apreciables na base de datos informática.

No lado dereito, nun espazo de dimensións idénticas ao bloque do lado esquerdo no que aparece un Plano de Emprazamento e/ou detalle do ben catalogado. Este aparecerá identificado individualmente cun signo -un asterisco (\*) ou un punto (-) e poderá aparecer rodeado dunha liña continua de cor azul ou vermello, en función de se o ben é arquitectónico ou arqueolóxico respectivamente. Esta liña define o ámbito de protección do elemento, de tal maneira que os bens que aparezan englobados dentro del deben adaptarse tipolóxica, volumétrica e/ou cromáticamente



ás condicións que estableza a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Por baixo destes dous espazos dedicados á imaxe atopamos un novo bloque de información horizontal nos que se consignan:

#### 4.5.1 DENOMINACIÓN

Nel aparece o nome co que é coñecido o ben respectivo, sexa o oficial, o popular, o do seu promotor/a ou o do seu propietario/a. En caso de descoñecemento ou inexistencia dun nome claro e inequívoco, figurará o da rúa na que se empra, acompañado do seu número postal.

#### 4.5.2 PARROQUIA

Neste apartado referirase o nome da parroquia na que está situado o ben do que é obxecto a ficha correspondente.

#### 4.5.3 NÚCLEO

Aquí figurará o nome do asentamento concreto (barrio, aldea, lugar...) no que se empra o elemento en cuestión.

#### 4.5.4 LOCALIZACIÓN

Aquí figurará o nome da rúa na que se empra o ben xunto co seu número postal.

#### 4.5.5 DESCRICIÓN

Por baixo deste bloque informativo sitúase un novo recadro horizontal correspondente ao campo *Descrición*, onde se leva a cabo unha definición explicativa dos valores arquitectónicos, artísticos, urbanísticos e/ou históricos do ben: planta, alturas, tipoloxía, materiais..., que, no seu caso o configuran, así como o ano ou xeira da súa construción, estilo representado, proxectista que o realizou, etc.

*De seguido un novo bloque horizontal aparece dividido nos seguintes apartados:*

#### 4.5.6 CATEGORÍA

Constitúeo un combo no que caben as seguintes clasificacións referidas ao carácter legal do ben catalogado:





- BIC PROPOSTO: *Refírese a un ben que, polas súas cualidades históricas ou artísticas, ten sido proposto polo presente PXOM para figurar no Rexistro de Bens de Interese Cultural nas condicións fixadas pola Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.*
- BIC INCOADO: *Refírese a un ben que, polas súas cualidades históricas ou artísticas, xa ten aberto un expediente que habrá de decidir se é conveniente ou non que figure no Rexistro de Bens de Interese Cultural nas condicións fixadas pola Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.*
- BIC DECLARADO: *Refírese a un ben que, polas súas cualidades históricas ou artísticas, concluíu un expediente que supuso a súa inclusión no Rexistro de Bens de Interese Cultural nas condicións fixadas pola Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia. Dentro desta categoría inclúense tamén os BIC Xenéricos, isto é, os non declarados de xeito individual: hórreos, escudos e brasóns, cruces e cruceiros de máis de 100 anos de antigüidade, así como lugares que conteñen arte rupestre.*
- INVENTARIADO: *Nesta categoría aparecerán incluídos aqueles bens culturais que teñen unha protección legal derivada da súa inclusión no Catálogo de Bens Culturais do Plan Xeral que, por imposición do art. 75 do Texto Refundido da Lei 9/2002, debe conter todo PXOM. Todos estes bens forman parte, automaticamente, do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia na definición que deles dá o art. 22 da Lei 8/1995. Porén, isto non menoscaba a súa capacidade de elevar a súa protección, promocionándoos ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia ou ao Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, nas condicións fixadas pola Lei 8/1995.*
- CATALOGADO: *Fai referencia a todos os bens que gozan deste nivel de protección en base ao establecido polo art. 52 da Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia. Este nivel de protección non menoscaba a súa capacidade de elevar a súa protección, promocionándoos ao Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, nas condicións fixadas pola Lei 8/1995.*

#### 4.5.7 ÁMBITO

Constitúe un combo que expresa o ámbito de carácter territorial ao que refire o interese do ben en cuestión. Caben nel as seguintes situacións:

- LOCAL: *Cando o ben catalogado ten un interese ou relevancia que non sobarda o ámbito municipal.*
- GALEGO: *Cando o ben catalogado ten un interese ou relevancia supramunicipal que atinxe o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- ESTATAL: *Cando o ben catalogado ten un interese ou relevancia tal que atinxe o ámbito do Estado Español.*



- EUROPEO: *Cando o ben catalogado ten un interese ou relevancia supraestatal que atinxe o ámbito continental.*
- MUNDIAL: *Cando o ben catalogado ten un interese ou relevancia supracontinental que atinxe o ámbito mundial.*

#### 4.5.8 NIVEL ou GRAO DE PROTECCIÓN

Vén a corresponder cos graos de protección que se reflectiron no capítulo 3, anterior, desta Memoria. Aparece definido nun combo para expresar a intensidade e características das medidas de protección que require o grao correspondente. A moso unha triple opción, cada unha delas aparece clara e nidiamente desenvolvida na Normativa do presente documento. Este nivel de protección poderá ser:

- PROTECCIÓN AMBIENTAL: *A máis elemental das proteccións que require un ben incluído no Catálogo. En razón das complexas condicións da realidade viguesa, no presente documento distínguense cinco (5) subgraos para regular as diferentes medidas de intervención que nos bens así catalogados se prevén. Deste xeito, no combo correspondente aparecerá identificado como “Ambiental” seguido do subgrao expresado de forma numérica (-1; -2; -3; -4; -5).*
- PROTECCIÓN ESTRUCTURAL: *Un grao de protección superior á Ambiental que inclúe maiores restriccións e cautelas que aquel na súa reforma e conservación.*
- PROTECCIÓN INTEGRAL: *O maior grao de protección co que pode contar un ben cultural material, en función da súa inclusión nun Catálogo de bens culturais anexo a un PXOM. É o grao de protección máis esixente cun ben cultural e, xa que logo, o que meirandes restriccións e cautelas impón no referente á súa protección e conservación.*

#### 4.5.9 ESTADO DE CONSERVACIÓN

Neste apartado consígnase o grao de conservación material no que se atopa o ben en cuestión. Aquí desprégase un combo no que caben as seguintes eleccións:

- MOI MALO: *Aquel ben que non reúne ningunha das cualidades adecuadas á súa natureza ou función. Require unha intervención urxente que teña por obxecto a consolidación dos seus paramentos e estruturas, a fin de evitar a súa total destrución.*
- MALO: *Aquel ben que non reúne a maior parte das cualidades adecuadas á súa natureza ou función. Aínda que as estruturas e paramentos non requiren unha intervención urxente, este tipo de elementos esixen unha intervención profunda a curto prazo que permita rehabilitar a súa*



*función.*

- **REGULAR:** *Aquel ben que reúne case todas as cualidades adecuadas á súa natureza ou función. Requiren unha intervención moderada a curto prazo, máis alá dos labores de conservación e mantemento periódicos que todo elemento esixe.*
- **BO:** *Aquel ben que reúne todas as cualidades adecuadas á súa natureza ou función. Non requiren ningunha intervención, máis alá dos labores de conservación e mantemento periódicos que todo elemento esixe.*

#### 4.5.10 PROPIEDAD

Expresa a titularidade deminancial. Neste combo despréganse as seguintes opcións:

- **COMUNAL:** *Cando o ben en cuestión é propiedade dunha Comunidade de Montes (CCMM).*
- **MIXTA:** *Cando o ben en cuestión é propiedade de varios titulares públicos e privados.*
- **MUNICIPAL:** *Cando o ben en cuestión é propiedade da Institución Municipal.*
- **PARROQUIAL:** *Cando o ben en cuestión é propiedade dunha Asociación de Veciños (AAVV) ou Entidade Local Menor.*
- **PRIVADA:** *Cando o ben en cuestión é propiedade dunha persoa física ou xurídica de carácter privado.*
- **PÚBLICA:** *Cando o ben en cuestión é propiedade dunha persoa física ou xurídica de carácter público.*

*A continuación un novo bloque horizontal aparece dividido nos seguintes apartados:*

#### 4.5.11 ORDENANZA DE APLICACIÓN

Neste apartado figurará o nome da Ordenanza ou Norma coa que o presente PXOM regula as condicións da edificación e usos do solo aplicables ao terreo onde se localiza o ben cultural do que se trate.

#### 4.5.12 PLANO DE ORDENACIÓN (Folla)

Aquí figurará o número do plano correspondente no que aparezan localizados e, no seu caso, delimitados, todos os bens culturais que conforman o catálogo.

#### 4.5.13 OBSERVACIÓNS

*O seguinte cadro horizontal está ocupado por un único bloque baixo o epígrafe Observacións. Nel*



*fanse constar todas aquelas cuestións de interese que non foron incluídas no apartado Descrición, por resultaren merecentes de figurar noutro lugar. Neste recadro de Observacións fanse constar aspectos específicos do ben relativos á súa construción, promotor/a, materiais empregados, estilo, aspectos históricos de interese, propostas de intervención no elemento catalogado e/ou no seu contorno de protección, etc... Tamén se poderán conter aspectos de carácter normativo que pola súa esencia non se recollan no apartado 4.11 que segue.*

#### 4.5.14 *NORMATIVA ESPECÍFICA DE APLICACIÓN.*

Nos restantes recadros da Ficha contéñense as determinacións normativas de maior especificidade do respectivo ben catalogado. Trátase de:

*ELEMENTOS A PROTEXER:* Son aqueles elementos integrantes e/ou conformadores da estrutura do ben que, segundo os criterios xerais aplicables polos PXOM para o presente Catálogo, merecen un meirande nivel de protección e, xa que logo, deben conservarse no seu estado actual perante de calquera obra nel. En razón de ser eses elementos os necesitados dun tratamento singular. De merecer protección específica, a título meramente enunciativo, e sen esgotar a súa completa relación, serían elementos a protexer os seguintes:

INSCRICIÓNS; ESCUDOS; PLACAS; ELEMENTOS DECORATIVOS DA FACHADA; SOPORTAIS; ESCALEIRAS; BALCÓNS; XANELAS; MIRADOIROS; VARANDAS; CHEMINEAS; XARDÍNS; PLATAFORMAS PÉTREAS DE BALCÓNS; SOLAINAS; PÉRGOLAS; SOPORTAL; PORTAS DE AIRE; DISPOSICIÓN DE OCOS; TIPOLOXÍA DO SOPORTAL; TIPOLOXÍA DO CORREDOR; TIPOLOXÍA DO PSEUDO-MIRADOIRO; TIPOLOXÍA DO PINCHE; CARPINTERÍAS DE MADEIRA; REBOCADOS PINTADOS; REBOCADOS SOBRE CACHOTERÍA; ELEMENTOS PÉTREOS SENLLEIROS; ESCULTURAS; CRUCEIROS; RELOXOS DE SOL; XARDÍNS; GÁRGOLAS DE PEDRA; CANZORROS DE PEDRA; RECUBRIMENTOS CERÁMICOS ORIXINAIS; HÓRREO; COLUMNA DE PEDRA; LAREIRA; MURO DE PECHE DA PARCELA; ENREIXADOS; FRONTISPICIO;

*MELLORAS NECESARIAS:* A seguinte táboa horizontal de medidas normativas de carácter específico aparece consignada baixo o nome *Melloras Necesarias*. Nel recóllense todas aquelas medidas e actuacións que é necesario implementar no elemento en cuestión para garantir á súa conservación material futura, así como a optimización do seu aproveitamento.



**OBRAS PROHIBIDAS:** O último bloque normativo aparece dividido en dúas columnas. A primeira delas désígnase como *Obras Prohibidas*, e nela sinálanse unha serie de actuacións e intervencións que quedan expresamente prohibidas no ben catalogado. Estas obras son complementarias ás que prohiba realizar a Normativa en función do grao ou nivel de protección de cada elemento, e nunca substitutivas das que fixe aquela.

*A segunda das columnas leva por nome OBRAS PERMITIDAS, e nela sinálanse unha serie de actuacións e intervencións que quedan expresamente permitidas no ben catalogado. Estas obras son complementarias ás que autorice realizar a Normativa en función do grao ou nivel de protección de cada elemento, e nunca substitutivas das que fixe aquela.*

*En ambos os dous epígrafes recóllense, tamén a título meramente enunciativo, os seguintes elementos:*

ALTERACIÓN DOS ELEMENTOS PROTEXIDOS; CONSOLIDACIÓN OU REFORZO DAS PARTES DANADAS DA ESTRUCTURA; DOTACIÓN DE ARBORADO; DOTACIÓN DE ELEMENTOS DE ILUMINACIÓN OU PROTECCIÓN NO SEU CONTORNO; INCORPORACIÓN DE NOVO MOBILIARIO URBANO; LIMPEZA; MELLORA OU DOTACIÓN DE NOVAS INFRAESTRUCTURAS; NOVO MOBILIARIO MANTENDO A TIPOLOXÍA DO BEN; OBRA NOVA MANTENDO A TIPOLOXÍA DO BEN; MELLORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS; REDEFINICIÓN CONSTRUCTIVA E ESPACIAL DA SECCIÓN; REDEFINICIÓN DE PAVIMENTOS; REDEFINICIÓN DE PAVIMENTOS E SISTEMA CONSTRUCTIVO; REDEFINICIÓN DE PAVIMENTOS E XARDÍNS DO CONTORNO; REDEFINICIÓN ESPACIAL; REDEFINICIÓN ESPACIAL E CONSTRUCTIVA; REDESEÑO DA SECCIÓN TRANSVERSAL DA RÚA; REDESEÑO DO ESPAZO MIRADOIRO; REFORMA OU DOTACIÓN DE NOVAS INSTALACIÓNS DE SERVIZOS; REPARACIÓN DOS ELEMENTOS DECORATIVOS DETERIORADOS; RESTAURACIÓN PARA VOLTAR Á SÚA IMAXE ORIXINAL; REUBICACIÓN DO BEN; REUBICACIÓN DOS ELEMENTOS PROTEXIDOS; SUBSTITUCIÓN OU DOTACIÓN DE NOVAS ESPECIES ARBÓREAS; SUBSTITUCIÓN OU DOTACIÓN DE NOVO MOBILIARIO URBANO.



## **5 BENS PROTEXIDOS SEGUNDO CATEGORÍAS.**

- 1.- Integral. I
- 2.- Estructural. E
- 3.- Ambiental. A

## **6 NORMATIVA DO CATÁLOGO.**

### **Consideración de carácter preliminar.-**

En razón dos dous grandes tipos de bens integrantes do presente documento do Catálogo, establécense dous corpos normativos diferenciados, mesmo no que atinxe á súa numeración ordinal. Estes son:

- a) Normativa relativa aos bens integrantes do patrimonio histórico, artístico, etnográfico e cultural en xeral, exceptuados todos aqueles que integran o patrimonio cultural arqueolóxico (artigos 1 a 9 do Título I).
- b) Normativa relativa aos bens que integran o patrimonio cultural de carácter arqueolóxico (artigos 1 a 14 do Título II).

## **TÍTULO I: NORMATIVA DA EDIFICACIÓN E DEMAIS ELEMENTOS DO PATRIMONIO CULTURAL DE CARÁCTER ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO**

### **Sección 1ª: Normativa xeral**

#### **Art. 1.- Alcance da Protección**

No presente capítulo recóllense as normas xerais que han regular a protección e posta en valor de todos os elementos de interese cultural que se recollen no presente Catálogo, así como as intervencións que, no seu caso, se permitan neles.

Igualmente se determina a Normativa específica aplicable a cada ben en función do seu grao ou subgrao de protección en todo o relativo aos tipos de obras posibles en cumprimento do obxectivo



expresado no párrafo anterior de acordo coa definición das mesmas que se fai na presente Normativa, que, á súa vez, reproducen e/ou matizan, en razón da natureza específica dos bens catalogados, a caracterización contida no Capítulo 2.6 da Normativa Urbanística do PXOM.

### **Art. 2.-Xerarquía Normativa**

As condicións ás que se terán que axustar as intervencións nos bens incluídos no presente Catálogo serán as expresadas na Ficha Individual correspondente, complementadas coas contidas nas ordenanzas xerais da presente Normativa e polas particulares das distintas zonas de ordenanza nas que estean situadas os bens.

As condicións ás que se terán que axustar as intervencións nos Bens de Interese Cultural (BIC) declarados, independentemente de cal sexa a súa localización, así como todos aqueles bens que se sitúen dentro dos ámbitos dos conxuntos históricos do Casco Vello e de Bouzas, xunto cos localizados dentro do ámbito continuo do PEEC, serán as que fixan os documentos normativos dos respectivos ámbitos; sendo en todo caso aplicables con carácter complementario as contidas na presente Normativa.

Todo elo sen menoscabo da obrigatoriedade da observancia de todos os preceptos legais e regulamentarios de carácter sectorial aplicables.

### **Art. 3.- Réxime de usos.**

Todos os elementos edificados que estean sometidos a un réxime específico de protección, axustaranse, no que se refire aos usos permitidos nos mesmos, ás condicións de uso que prevé a correspondente zona de ordenanza onde quede incluído o ben protexido en cuestión.

Quedarán excluídos con carácter xeral da condición anterior os edificios, elementos ou conxuntos que estean suxeitos a protección integral, estean ou non declarados BIC, para os que o uso permitido será o actualmente existente, ou os expresamente autorizados na correspondente Ficha Individual.



**Art. 4.- Estructura e tipos de protección.**

As actuacións edificables sobre os edificios, elementos e conxuntos sometidos a unha protección individual específica suxeitaranse ás normas que se establecen para os mesmos, en función do grao de protección que lle corresponda de acordo cos criterios establecidos na parte expositiva do presente Catálogo.

Estructúrase a protección do patrimonio edificado en función dos seus valores propios, da seguinte forma:

A. Protección individualizada de elementos.

B. Protección de zonas urbanas.

C. Protección de vistas.

**Art. 4.1– Protección individualizada de elementos.**

Dentro desta clase inclúese a protección individualizada e específica de elementos (edificios e conxuntos) urbanos, protección que pola natureza compacta do núcleo faise extensiva no mesmo grao de protección ás parcelas que os soportan. Isto é de especial aplicación ás fincas singulares de pazos e casas reitorais.

Os graos de protección e as cualidades que os caracterizan son:

**Art. 4.1.1– Grao 1º. PROTECCIÓN INTEGRAL.**

Que se aplica a edificios, construcións e elementos de semellante natureza de excepcional valor arquitectónico e significación cultural ou cidadá, e os equiparables polos seus valores aos BICs declarados ou incoados ao abeiro da lexislación sobre Patrimonio Cultural (Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia e Ley 16/1985 del Histórico Español).





**Art. 4.1.2– Grao 2º. PROTECCIÓN ESTRUCTURAL.**

Que se aplica a edificios, elementos ou agrupacións que polo seu valor histórico ou artístico, ou pola súa calidade arquitectónica, constructiva ou tipolóxica se singularizan dentro do municipio.

**Art. 4.1.3– Grao 3º. PROTECCIÓN AMBIENTAL ESPECÍFICA.**

Que se aplica a edificios que, ben illados ou ben en conxuntos, conforman tramos ou áreas urbanas de calidade, en bo ou regular estado de conservación, aínda cando individualmente non presenten notables valores arquitectónicos, sen prexuízo da protección ambiental que se instrumenta desde as ordenanzas de zona das áreas centrais do núcleo urbano.

**Art. 4.2– Protección de zonas urbanas.**

A protección de zonas urbanas, abrangue a totalidade da zona urbanística que comprende o ámbito continuo do PEEC e os centros históricos de Vigo e Bouzas, establecéndose dita protección desde a normativa propia de edificación –os respectivos Plans Especiais de Protección- así como desde as Normas de Urbanización dos citados Plans que se determinan para estes ámbitos.

A protección articulada en base á propia normativa urbanística pretende un dobre obxectivo:

- a) Unificar os tratamentos desde as ópticas do aproveitamento edificable e as súas condicións como dereito urbanístico.
- b) En base á mesma normativa e as súas condicións propias estéticas, xérase unha protección ambiental continua en toda a zona.

**Art. 4.3– Protección de vistas.**

A limitación efectiva da altura da edificación que se formula na Normativa Urbanística do PXOM posibilita a protección real de vistas do núcleo urbano desde os accesos, controlando a masa edificada para que se protexa o perfil do núcleo e se manteñan como puntos ou fitos de referencia os elementos que hoxe en día se constitúen como tais (igrexas parroquiais, conxuntos pacementos, etc...).



**Sección 2ª: Normativa reguladora das intervencións.**

**Art. 5.- Niveis de intervención sobre o patrimonio edificado. Tipos de obra.**

De cara á determinación das condicións específicas que cómpre ter en conta para a intervención nos bens catalogados en razón do grao de protección aplicable, de seguido, descríbense os tipos de obras posibles a desenvolver neles.

**Art. 5.1–Obras de mantemento ou conservación.**

Son as habituais derivadas do deber de conservación dos propietarios, e a súa finalidade é a de manter o edificio ou o elemento correspondente nas debidas condicións de hixiene e ornato sen afectar á súa estrutura portante nin a súa distribución interior, nin alterar o resto das súas características formais nin funcionais, tais como composición de ocos, materiais, cores, texturas, usos existentes, etc.

Agrúpanse baixo esta denominación, entre outras análogas, as intervencións necesarias para o coidado e afianzamento de cornixas e voos, a limpeza e reparación de canalóns e baixantes, os rebocos de fachadas, a pintura, a reparación de cubertas e o saneamento de conduccións.

Se a obra de mantemento fixera necesaria a utilización de técnicas ou de materiais distintos dos orixinais que deran lugar a cambios de cores ou texturas, a correspondente solicitude de licenza irá acompañada da documentación complementaria que describa e xustifique os cambios proxectados e os seus efectos sobre o elemento e o seu contorno, e permita a comparación coas solucións orixinais.

**Art. 5.2– Obras de consolidación.**

Teñen por obxecto, dentro do deber de conservación dos propietarios, manter as condicións de seguridade, á vez que as de salubridade e ornato, afectando tamén á estrutura portante pero sen alterar, como no tipo anterior, características formais nin funcionais.

Agrúpanse baixo esta denominación, entre outras análogas, as actuacións e intervencións citadas no



epígrafe anterior que, ademais, inclúan operacións puntuais de afianzamento, reforzo ou substitución de elementos estruturais danados tais como elementos de forxados, vigas, soportes, muros portantes, elementos estruturais de cuberta, recalces de cimentos, etc.

Se a consolidación incluíra necesariamente a utilización de materiais distintos dos orixinais, xa sexa na colocación de reforzos ou na substitución de elementos completos, aportarase como documentación complementaria a que describa e xustifique a solución proxectada en comparación coa orixinal, que expresará suficientemente as implicacións de funcionamento estrutural, compositivas, estéticas, formais e funcionais da substitución.

#### **Art. 5.3– Obras de recuperación ou restauración.**

Son as encamiñadas á posta en valor dun elemento catalogado restituíndo as súas condicións orixinais.

Inclúense dentro deste tipo de obras, entre outras análogas, as de eliminación de elementos estranos engadidos ás fachadas e cubertas dos edificios; a recuperación de cornixas e aleiros suprimidos en intervencións anteriores; a reposición de molduras e ornamentos eliminados en fachadas; a recuperación das disposicións e ritmos orixinais dos ocos, así como dos rebocos das ditas fachadas; a eliminación de falsos teitos e outros engadidos...

A solicitude da correspondente licenza deste tipo de obras conterá, ademais da documentación requirida para as obras do réxime xeral, a precisa para a descrición documental, fotográfica e cartográfica do elemento que se considere, así como a do estado físico do mesmo.

#### **Art. 5.4– Obras de acondicionamento.**

Son as necesarias para a adecuación do elemento catalogado ou unha parte do mesmo aos usos a que se destine, mellorando as súas condicións de habitabilidade e mantendo en todo caso as condicións orixinais en todo o que afecta á súa envolvente exterior, a súa configuración xeral e estrutura básica orixinal (elementos estruturantes) e aos demais elementos significativos que o singularizan ou o caracterizan como dunha determinada época ou tipoloxía.

Dentro desta denominación inclúense entre outras, actuacións tais como cambios de distribución



interior nas partes non significativas ou estruturantes, reforzos ou substitucións de estrutura para soportar maiores cargas, cambios na decoración das partes non significativas e incorporación de novas instalacións ou modernización das existentes.

As solicitudes de licenza deste tipo de obras virán acompañadas da documentación complementaria descrita para as obras de recuperación, e ademais a descrición e xustificación gráfica e escrita dos cambios proxectados na distribución interior do edificio, con expresión detallada das partes ou elementos que por ser estruturantes ou significativas non quedan afectados por estes cambios.

**Art. 5.5– Obras de reestructuración.**

Son as que ao obxecto de adecuar o ben catalogado ou unha parte do mesmo aos usos aos que se destina, afectan aos seus elementos estruturantes alterando a súa morfoloxía no que non afecta ás características orixinais da súa envolvente exterior visibles desde os espazos públicos, próximos ou afastados.

Agrúpanse baixo esta denominación, entre outras actuacións, as de cambios de distribución interior, cambios de localización dos elementos de comunicación xeral, horizontal e vertical, modificación da cota dos diferentes forxados, construción de entreplantas e substitución de estruturas de cuberta para o aproveitamento dos seus volumes. Os cambios de cota dos forxados non poderán afectar á súa posición no encontro coas fachadas, así como aos ocos existentes nelas.

En calquera caso, e de forma excepcional, se da posta en valor do inmovible catalogado que se considere, requirise, ben polo mal estado físico ou ben por tratarse de materiais deleznable, da substitución de todo ou parte dos cerramentos e muros exteriores da edificación, no seu caso a nova ou novas fachadas, ou parte delas que o necesitasen, deberán reproducir exacta e fielmente a súa composición de ocos e os materiais de terminación, pinturas, rebocos, etc..., tanto en paramentos como en ocos, con restitución dos mesmos pezas de ferraxería e outros elementos ornamentais que lle desen carácter en caso de que os tivese orixinalmente. A tal efecto aportarase un informe pericial da situación real física dos cerramentos, as súas condicións estruturais, materiais e de terminacións.

A documentación relativa a este tipo de obras cubrirá os aspectos de levantamento de planos do elemento catalogado no seu estado actual, descrición fotográfica do estado actual do mesmo e da súa relación co contorno, descrición, valoración e xustificación da solución proxectada e dos seus



efectos sobre os valores existentes en dito elemento, e por último, descrición dos usos actuais e dos efectos da reestructuración sobre os usuarios así como dos compromisos establecidos con estes.

**Art. 5.6– Obras de ampliación.**

Son as que se realizan para aumentar o volume construído de edificacións existentes, xa sexa mediante o aumento de ocupación en planta, o incremento do número de andares ou o aproveitamento dos espazos baixo cuberta, até esgotar no seu caso a edificabilidade e alturas permitidas polas ordenanzas de aplicación da zona que se considere.

As obras de ampliación sobre elementos catalogados virán precedidas da achega da documentación relativa á situación actual e a proxectada, tanto gráfica como escrita, e a xustificación do efecto que produce no contorno próximo e afastado, con descrición dos usos actuais, dos efectos da ampliación sobre os usuarios e dos compromisos contraídos con estes.

**Art. 5.7– Obras de derrubo.**

As actuacións de demolición sobre elementos con catalogación individualizada responderán exclusivamente a un dos dous supostos seguintes:

- a) O derrubo englobase nunha obra de recuperación, acondicionamento ou reestructuración, e afecta a aquelas partes do elemento catalogado non consideradas significativas e de obrigada conservación polo grao de protección e tipo de obra correspondentes.
- b) As partes a derrubar, ou a totalidade do edificio no seu caso, contan con declaración de ruína irrecuperable.

No primeiro suposto, as actuacións de derrubo rexeranse polo establecido nas determinacións para as obras de recuperación, acondicionamento e reestructuración, e irán precedidas da achega da documentación complementaria alí indicada.

No segundo suposto, no proxecto básico da edificación que se substituirá á que se pretenda derrubar, recuperaranse os elementos protexidos situados no interior do inmovible, complementado coa descrición e definición gráfica e escrita de acabados e detalles constructivos de fachadas e cubertas que deberá axustarse a toda a normativa que sexa de aplicación.



Polo que se refire ao estado ruinoso das edificacións e elementos catalogados, non obstante o disposto no art. 2.4.4, da Normativa do PXOM, sobre a declaración do estado ruinoso e o cesamento do deber de conservación, nos edificios contidos no presente Catálogo son de aplicación as determinacións da Lei 9/2002, así como da Lei 8/1995.

**Art. 6.- Obras permitidas segundo o grao de protección individualizada.**

Dependendo do grao de protección no que se atope a edificación ou elementos catalogados, as intervencións posibles neles son as que seguen:

**Art. 6.1 - Grao 1º. PROTECCIÓN INTEGRAL.**

Só se permitirán as actuacións encamiñadas á conservación e posta en valor da edificación, elemento ou agrupación catalogado, dotándoa excepcionalmente do uso ou usos que, sendo compatibles coas súas características e condicións orixinais, garantan mellor a súa permanencia.

En consecuencia permítense con carácter xeral sobre os bens así catalogados as obras cuxo fin sexa a restauración que poden ser de entre as descritas no epígrafe anterior as de **mantemento**, de **consolidación** e de **recuperación**, con prohibición expresa de todas as demais.

Prohíbense tamén as actuacións relativas á incorporación ou fixación de elementos estraños á natureza do propio elemento catalogado, tais como tendidos aéreos de redes de enerxía, alumeados ou comunicacións, sinalización de tráfico, báculos de alumeados, rótulos publicitarios, toldos, etc.... agás que previamente se redacte un Plan Especial de Protección (PEP) que regule polo miúdo a instalación deste tipo de elementos.

Permitiranse excepcionalmente pequenas actuacións de acondicionamento se a permanencia do elemento implicara necesariamente un cambio de uso e o novo a implantar así o esixise.

**Art. 6.2.- Grao 2º. PROTECCIÓN ESTRUCTURAL.**

As obras a efectuar nos edificios ou elementos sometidos a este grao de protección serán as tendentes a súa conservación mellorando as súas condicións de habitabilidade ou uso, mantendo a



súa configuración estrutural, a súa envolvente exterior e os seus elementos significativos.

Por iso se permiten, amáis das descritas no epígrafe anterior relativas ao grao primeiro de protección, as obras de **acondicionamento**.

**Art. 6.3.- Grao 3º. PROTECCIÓN AMBIENTAL ESPECÍFICA.**

As obras que se efectúen nos edificios, elementos ou conxuntos afectados por este grao de protección, terán por obxecto adecualos aos usos e costumes actuais sen perda dos valores ambientais e tipolóxicos que posúen.

As condicións de intervención neste grao de protección variarán en función do subgrao que lle sexa de aplicación segundo a clasificación que este respecto se fixe na correspondente Ficha Individual.

**Art. 6.3.1 - Grao A1:** Sobre os bens inmobles catalogados co presente subgrao de protección, ademais dos tipos de obras permitidos no grao anterior, poderanse levar a cabo neles obras de **reestructuración**.

Así mesmo permitiranse sobre bens con determinación A1 as obras de **ampliación** que reúnan todas e cada unha das condicións seguintes:

- Non implicar aumento de altura do ben catalogado.
- Non supor aumento de ocupación en planta con efectos visibles desde a vía pública.
- Non existir determinacións de protección sobre a parcela contrarias á ampliación en cuestión.
- A posible ampliación enmarcarase dentro dos límites máximos que fixe a ordenanza de zona de aplicación, xa sexa de edificabilidade máxima ou ocupación.

**Art. 6.3.2 - Grao A2:** Os bens catalogados con protección ambiental A2 poderán ser ademais obxecto de obras de ampliación que dean lugar a aumento de ocupación en planta visible desde espazos públicos, sempre que reúnan as condicións restantes do parágrafo anterior.



**Art. 6.3.3 - Grao A3:** Permitiranse obras de ampliación con aumento de altura pero sen aumento de ocupación visible desde espazos públicos nos bens con este grao de protección, sempre que reúnan as condicións de remanente de aproveitamento e non teña condicionantes de parcela que o impidan.

**Art. 6.3.4 - Grao A4:** Neste caso poderanse admitir as ampliacións en altura e ocupación sempre que exista edificabilidade autorizada e non haxa limitacións da parcela que o impidan.

**Art. 6.3.5 - Grao A5:** Neste caso poderanse admitir, amáis das intervencións permitidas nos graos e subgraos anteriores, aquelas que supoñan o derrubo, sempre e cando se garanta a obriga do seu traslado e reconstrucción noutro lugar do concello, de acordo coas especificacións que se fixen na Ficha Individual. En defecto destas aplicaranse as que determina o art 6.3.4. anterior.

**Art. 7.- Normas de conservación periódica de fachadas.**

Será aplicable a toda edificación e comprenderá os labores de limpeza e reparación de todos os elementos que conforman o aspecto exterior do edificio (fábricas, rebocos, ferraxería, carpinterías, ornamentos, etc.). Así mesmo contempla a renovación dos tratamentos superficiais tais como pinturas, etc.

Para as edificacións consideradas de interese ou que, sen selo, pertencen a un conxunto ou área de calidade urbana, autorizarase o cambio de cores ou texturas sempre e cando non supoña unha alteración importante da imaxe do conxunto.

Esta norma será aplicable tamén a cerramentos de parcela, medianeiras, edificacións auxiliares, etc, cando se consideren constitutivos do ambiente urbano ou solidarios cunha edificación afectada por el.

**Art. 8.- Normas de amortecemento e eliminación de impactos.**

Será aplicable a toda edificación que total ou parcialmente supoña unha clara alteración da imaxe urbana.

Naqueles edificios que admitan o tratamento superficial para adecuarse ao medio (enfoscado, cores e texturas), poderá efectuarse a substitución de elementos de deseño inadecuados (reixas,





carpinterías, ornamentos, etc.) a través da redacción dunhas Normas estéticas fixadas para a área por un Plan Especial que desenvolva as presentes Ordenanzas. Este tipo de operacións estenderanse así mesmo a cubertas, medianeiras, chemineas, áticos, etc..., cando sexa necesario.

Nesta orde de cousas, introduciranse elementos vexetais ou outro tipo de barreiras visuais que impidan ou relaxen a agresión ou impacto ambiental dalgunhas pezas sobre a escena urbana e a paisaxe.

Puntualmente o Concello poderá, de forma previa á tramitación do antes citado Plan Especial, condicionar a licenza de obras na edificación existente á supresión daqueles elementos constructivos inadecuados para a estética urbana.

#### **Art. 9.- Normas de Protección de xardíns e parcelas.**

Ademais da protección do Patrimonio Edificado, o Catálogo do PXOM establece proteccións para as parcelas ou xardíns que aparecen relacionadas no presente documento. Distínguense a este respecto dous tipos:

- 1.- As parcelas pertencentes a edificios catalogados (nomeadamente as fincas singulares adscritas a Pazos, Conxuntos Parroquiais, Casas Reitorais, Chalets...), que se consideran co mesmo grao de protección que o elemento catalogado.
- 2.- As parcelas restantes considéranse como espazos libres sobre as que só se permitirán as actuacións encamiñadas á conservación da súa integridade e dos seus valores. Xa que logo, prohíbense expresamente para as parcelas catalogadas con este grao de protección as actuacións de segregación se a protección afecta á configuración espacial.

En todo caso as intervencións de remodelación destes espazos requirirá da redacción e aprobación dun Plan Especial de Protección (PEP) que as regule. En tanto non se conte con esta figura, somentes se poderán permitir a substitución de elementos vexetais mortos, doentes ou gravemente danados, así como as obras de mellora de atención aos valores vexetais existentes, sempre que non alteren a estrutura do xardín e parque do que se trate.



**Art. 10.- Contorno xenérico de protección.**

Para a protección do contorno dos bens culturais máis relevantes, dentro dos cales é necesario informe preceptivo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, nos termos dispostos na lexislación de patrimonio cultural de Galicia, fíxose unha franxa que se delimita nos planos de ordenación, especificamente para os elementos arquitectónicos con protección integral. De non estar grafitada esta, rexerán para a súa protección as seguintes distancias, medidas desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe:

- 50 metros, cando se trate de elementos etnográficos inventariados localizados na vía pública (cruceiros, petos, lavadoiros, etc.). Para aqueles elementos emprazados dentro de parcelas de titularidade privada (hórreos, fornos, lagares...), o seu contorno de protección estará definido polos límites do predio no que se sitúen.



## TÍTULO II : NORMAS XERAIS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE CARÁCTER ARQUEOLÓXICO.

### Sección 1ª: Das medidas de protección dos elementos integrantes do patrimonio arqueolóxico en función da súa localización.-

#### Art. 1.- A clasificación e a cualificación no que atinxe ao patrimonio arqueolóxico.

Aos efectos da regulación diferenciada da protección que se debe dar ao patrimonio arqueolóxico en función da clasificación e cualificación que lle confire o PXOM de Vigo, no solo onde se localizan os distintos bens integrantes do mesmo é preciso distinguir entre as seguintes situacións posibles:

- a) Patrimonio arqueolóxico situado en **solos urbanos consolidados** (sexa cal sexa a zona de ordenanza de que se trate) e nos **solos de Núcleo Rural**.
- b) Patrimonio arqueolóxico situado en **solos urbanos non consolidados** e nos **solos urbanizables**.
- c) Patrimonio arqueolóxico situado en **solo clasificado como rústico**.

De acordo co disposto na Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia e na Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, o solo rústico no que se localizan elementos integrantes do Patrimonio Arqueolóxico, constitúen “de iure” solo rústico e, polo tanto, no PXOM de Vigo clasifícanse como tais, outorgándolle a cualificación de **Solo Rústico de Protección Arqueolóxica**. A súa efectiva protección contense tanto no documento da Normativa Urbanística do PXOM, no capítulo correspondente á normativa específica desta cualificación do solo, como nas medidas de protección que se conteñen no presente documento.

Nos demais supostos, a protección do patrimonio arqueolóxico efectivízase coas medidas de protección que se conteñen na Normativa do presente Catálogo, medidas que, en calquera caso, haberán de se superpoñer ás que se fixen para as respectivas zonas de ordenanza, nas condicións de aplicación que determinen o grao e o nivel que se fixa en función da área de protección de que se trate, e, no seu caso, nas condicións específicas que se conteñan na Ficha Individual correspondente.



**Art. 2.- Os niveis de protección e a clasificación do solo.**

Sexa cal for a clase de solo na que se localicen os bens integrantes do Patrimonio Arqueolóxico incluídos no presente Catálogo, a presente Normativa distingue, decote, dous niveis de protección, que se corresponden con dous ámbitos espaciais establecidos arredor do xacemento de que se trate:

- a) A área de protección integral
- b) A área de respecto

No caso dos bens integrantes do Patrimonio xa declarados ou incoados como Bens de Interese Cultural (BIC), a área de respecto denomínase “contorno do BIC”.

A delimitación concreta de cada unha das dúas áreas figura reflectida nos planos de ordenación do PXOM e recóllese igualmente na Ficha Individual de cada xacemento ou achado, que se incorporan como Anexo ao presente Documento.

**Art. 3.- Definición dos distintos Graos de protección arqueolóxica**

Os niveis de protección definidos na presente Normativa do Patrimonio Arqueolóxico de Vigo son:

**GRAOI.** Xacementos con categoría de Bens de Interese Cultural (BIC), tanto os declarados como os incoados. Para eles distínguense os seguintes niveis de protección:

- I.1. Área de Protección Integral
- I.2. Área que conforma o Contorno de BIC

**GRAO II.** Aplícase a xacementos catalogados ou soamente inventariados que posúan un bo estado de conservación, así como a zonas onde se localizaron restos arqueolóxicos ou sexan susceptibles de acollelos. Distínguense os seguintes niveis de protección:

- II.1. Área de Protección Integral.
- II.2. Área de Respecto.



**GRAO III.** Aplícase a xacementos catalogados ou soamente inventariados que posúan un mal estado de conservación, a zonas onde se localizaron achados arqueolóxicos, así como aqueles que sexan susceptibles de albergalos. Distínguense un único nivel de protección:

III. Área de Respecto.

**Art. 4.- Inventario de espazos suxeitos a protección arqueolóxica.**

1. O presente Plan Xeral de Ordenación Municipal incorpora o Catálogo de espazos suxeitos á protección do patrimonio arqueolóxico. Inclúense nel tanto os xacementos inventariados como os seus contornos, así como aqueles outros espazos nos que se localizaron obxectos e restos arqueolóxicos.
2. O Catálogo recollido nestas Normas terá carácter permanente, e permanecerá sempre aberto á incorporación de novos xacementos e achados arqueolóxicos, seguindo sempre o procedemento previsto na lexislación de patrimonio cultural de Galicia, que sexan descubertos ao chou ou como resultado de traballos de investigación. A estes bens aplicaráselles a Ordenanza específica de protección correspondente, atendendo á clasificación e cualificación do solo no que se sitúan, ao tempo que se definirán e delimitarán os seus niveis e áreas de protección de forma pormenorizada, tendo en conta os niveis e áreas de protección establecidos en cada caso concreto. O código alfanumérico de identificación que figura nas Fichas Individuais de cada un dos elementos catalogados (xacementos, achados e referencias) é sempre coincidente co código de referencia determinado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.
3. Os niveis e áreas de protección dos elementos incluídos no Catálogo defínense tendo en conta a adscrición cultural e tipolóxica, o contorno, o estado de conservación e a clasificación do solo no que se sitúan. Os niveis e áreas de protección definidos para cada un dos xacementos serven de base para establecer as Ordenanzas específicas de Protección do Patrimonio Arqueolóxico.
4. As Normas Xerais complementan as Ordenanzas de aplicación individual establecidas para cada grao de protección.



5. En todo caso, será obrigada a aplicación das condicións que con carácter xeral impón a lexislación sectorial en materia de habitabilidade e accesibilidade, e supresión de barreiras arquitectónicas, sen prexuízo das posibles excepcionalidades que esta lexislación establece.

**Art. 5.-Usos**

Todos aqueles usos, edificacións, construcións e/ou instalacións que pretendan realizarse dentro das áreas de protección establecidas nestas Normas, por permitilo así o disposto na Ordenanza ou Norma de aplicación correspondente á clasificación e cualificación do solo no que se localizan, deberán harmonizar coas características dos elementos patrimoniais, co seu contorno e cos valores que traten de protexer.

**Art. 6.-Servizo Técnico Municipal de Arqueoloxía.**

Co obxecto de garantir unha protección eficaz do Patrimonio Arqueolóxico e Histórico do termo municipal de Vigo, efectuarase polo Servizo Técnico Municipal de Arqueoloxía o seguimento arqueolóxico da totalidade do territorio municipal.

**Art. 7.-Tramitación.**

1.- Solicitudes de Licenza Municipal: Calquera intervención proxectada e en xeral calquera tipo de obra a realizar sobre aqueles elementos arqueolóxicos catalogados por este Plan e que asemade estean incluídos no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, que leve aparellada un proceso de remoción de terras ou escavación, precisará preceptivamente, ademais da correspondente licenza municipal, a realización da oportuna intervención arqueolóxica, distinguíndose dous supostos:

- a) Obras de movementos de terras que comprendan máis do 40% da superficie do solar. Será preceptiva a presentación dun proxecto de intervención arqueolóxica, subscrito por un/ha arqueólogo/a, que deberá deseñar unha primeira fase de apertura de catas de sondaxe ou apertura manual con metodoloxía e documentación arqueolóxica detallada de gabias, zapatas ou outras remocións, considerando unha mostraxe representativa, cuantitativa e cualitativamente, da totalidade da área a remexer. Realizarase unha documentación estratigráfica, con establecemento de relacións entre os diferentes



niveis e adecuada documentación dos restos que aparezan.

- b) Resto das obras que leven apareladas movementos ou remocións de terras. Establécese como cautela de protección o control arqueolóxico das remocións, escavas e movementos de terra que non superen o 40% da superficie do solar e que non se atopen comprendidas nos supostos establecidos no punto anterior, consistente a supervisión “in situ” por un/ha arqueólogo/a contratado pola propiedade, da totalidade das remocións e movementos de terra previstos no proxecto de execución, xa sexan realizados por medios mecánicos ou manuais. Neste caso será preceptiva a presentación, con carácter previo ao proxecto de obras, dun proxecto de intervención suscrito por un/ha arqueólogo/a, que conteña unha memoria e demais requirimentos do art. 1.2 do Decreto 199/97, de 10 de xullo, referidos aos controis que se vaian efectuar.

Non obstante o anterior, a prol da racionalización das determinacións das presentes normas, con carácter excepcional e, logo do informe motivado do/a arqueólogo/a municipal, poderá variarse o tipo de intervención arqueolóxica requirida en función das características das obras a realizar, cando as circunstancias do terreo edificábel (substrato superficial, morfoloxía do subsolo, antecedentes...) ou os datos proporcionados polas intervencións efectuadas en parcelas lindeiras, así o aconsellen.

## 2.- Procedemento

2.1 Calquera escavación ou movemento de terra estará suxeita a licenza municipal.

2.2. A tramitación do proxecto de intervención arqueolóxica seguirá o procedemento establecido no capítulo II do RD 199/1997, de 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade autónoma de Galicia.

Os movementos de terras, consecuencia da execución do proxecto de intervención arqueolóxica, unha vez que este teña sido autorizado pola Administración autonómica, requirirá da preceptiva licenza municipal.

Dependendo das obras a executar para o desenvolvemento do proxecto de intervención arqueolóxica, a licenza será de obras menores ou maiores, sendo preceptivo aportar a documentación que con carácter xeral esixen estas Normas. En todo caso, nas consideradas como



obras maiores, proxecto subscrito por técnico competente e oficio de dirección da súa execución. Autorizado o proxecto de intervención arqueolóxica pola administración autonómica e pola municipal, facultará para realizar exclusivamente as obras precisas para desenvolver o proxecto de intervención arqueolóxica.

Executado o proxecto arqueolóxico procederase a recoller os seus resultados segundo prevé a normativa autonómica que regula a actividade arqueolóxica.

Se tras o procedemento descrito a administración autonómica levanta a cautela arqueolóxica, o Concello poderá outorgar a licenza que ampare os actos edificatorios posteriores.

A licenza municipal para obras distintas das derivadas dos proxectos de intervención arqueolóxica, somentes se outorgará tras a autorización autonómica que, no seu caso, se conceda tras o procedemento anteriormente descrito.

## **Sección 2ª: Ordenanzas Específicas de Protección do Patrimonio Arqueolóxico.**

### **Art. 8.- Graos de Protección**

Establécense tres graos de protección para todos os elementos arqueolóxicos localizados no termo municipal: Grao I, Grao II e Grao III.

**Art. 8.1.-GRAO I.** Conferido aos xacementos declarados ou incoados Bens de Interese Cultural. É a máxima figura de protección establecida na lexislación vixente. Toda solicitude de licenza situada na súa área de Protección Integral e no seu Contorno necesita o informe preceptivo e vinculante do órgano competente da Consellería de Cultura, sempre e cando o xacemento estea incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

Para este Grao de Protección establécense dous niveis de protección: O aplicable a Área de Protección Integral e o aplicable na Área do Contorno BIC.

### **Art. 8.2.- Condicións para a Área de Protección Integral:**

1. *Ámbito.* O seu límite vén definido polos terreos comprendidos dentro do perímetro máis externo do Ben e o seu contorno máis inmediato. Aparece grafitado cunha trama continua.





2. *Clasificación do solo:*

- a) En solos rústicos estas áreas serán clasificadas como Solo Rústico de Protección do Patrimonio Arqueolóxico.
- b) En solos pendentes de desenvolvemento (urbanos non consolidados ou urbanizables) perante a existencia dun elemento singular culturalmente significado non renovable, o solo clasifícase como corresponde segundo a clase que lle outorgue o PXOM e cualificado obrigatoriamente como Sistema Local ou Xeral de Espacios Libres, segundo o caso e a importancia, coa normativa específica que para a protección se estableza na Ficha Individual correspondente.
- c) En Solo Urbano Consolidado e en Solo de Núcleo Rural, clasificarase o solo con estas respectivas clases, cualificándose coa Ordenanza que lle atribúa o PXOM en razón dos criterios establecidos nel, superpoñendo e sumando a normativa de protección arqueolóxica á que lle corresponda a ese solo pola súa clasificación urbanística.

*Usos:* Permitiranse actuacións encamiñadas á súa **conservación, protección, consolidación, investigación e posta en valor**, previa autorización da Consellería de Cultura, sempre e cando o xacemento estea incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

En solo Rústico poderanse permitir os usos tradicionais agropecuarios sempre que non alteren o substrato arqueolóxico nin precisen a modernización da explotación coa construción de instalacións de nova planta. Estará prohibido calquera uso ou actuación que dane o xacemento. En calquera caso, non se poderán realizar construcións, tendidos e instalacións aéreas ou soterradas (electricidade, saneamento, auga, etc.), escavacións, recheos e movementos de terra en xeral, así como tampouco a plantación ou arrincamento de árbores, cultivos que requiran labores profundos e a apertura de pozos e minas.

En solos de desenvolvemento (urbanos non consolidados e/ou urbanizables), poderanse permitir axardinamentos sempre que non couten ou danen o ben catalogado.

En Solos urbanos consolidados e en solos de Núcleo rural poderanse permitir os usos que se establezan na ordenanza de aplicación, logo de ser autorizados pola administración sectorial competente, dacordo co procedemento establecido no artigo 7, anterior da presente normativa



arqueolóxica.

3. *Condicións de edificabilidade:*

En solos rústicos non se permiten edificacións nin construcións de nova planta de clase ningunha.

En solos urbanos non consolidados e en solos urbanizables, non se permitirán máis instalacións que as que o Plan permita para as zonas verdes e espazos libres, e mesmo para que se poidan materializar deberán contar coa autorización expresa da administración sectorial competente, naqueles xacementos incluídos no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, dacordo co procedemento de tramitación da solicitude reflectado no xa citado artigo 7 da presente normativa.

En solos urbanos consolidados e en Solos de Núcleo Rural, permitiranse as edificacións, construcións e instalacións que se autoricen por aplicación da Ordenanza que lle sexa de aplicación ao solo, coas limitacións establecidas na autorización da administración competente que será preceptiva naqueles xacementos incluídos no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

**Art. 8.3.-Contorno de BIC (I-2).**

1. *Ámbito:* Área definida polo contorno adaptado do perímetro máis exterior da área de Protección Integral. Aparece grafitada na cartografía cunha trama descontinua.
2. *Usos:* Os usos nesta zona son os específicos para cada caso concreto, dependendo do establecido na ordenanza urbanística para o tipo de solo no que se atope o Contorno, e dos factores arqueolóxicos e patrimoniais do xacemento.

**Art. 9.-GRAO II.**

Establécense dous niveis de protección.



**Art. 9.1 .-Área de Protección Integral (II).**

1. *Ámbito:* O seu límite vén definido polos terreos comprendidos dentro do perímetro máis externo do ben e o seu contorno máis inmediato. Aparece grafitado cunha liña de trazo continuo.
2. *Clasificación do solo:*
  - a) En solos rústicos estas áreas serán clasificadas como Solo Rústico de Protección Patrimonio Arqueolóxico.
  - b) En solos pendentes de desenvolvemento urbanístico (urbanos non consolidados ou urbanizables) o solo clasifícase como corresponda según a clase que lle otorgue o PXOM e cualificado obrigatoriamente como Sistema Local ou Xeral de Espazos Libres, segundo o caso e a importancia, coa normativa específica que para a protección se estableza na Ficha Individual correspondente.
  - c) En Solo Urbano Consolidado e en Solo de Núcleo Rural, clasificarase o solo con estas respectivas clases, cualificándose coa Ordenanza que lle atribúa o PXOM en razón dos criterios establecidos, sendo a normativa de protección superpoñible á que deste xeito lle corresponda.
3. *Usos:* Permitiranse actuacións encamiñadas á súa **conservación, protección, consolidación, investigación e posta en valor**, previa autorización da Consellería de Cultura, naqueles xacementos incluídos no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

Nos solos rústicos, e nos pendentes de desenvolvemento urbanístico, mentras nos se efectivice este, permitiranse os usos tradicionais agropecuarios sempre que non alteren o substrato arqueolóxico nin precisen a modernización da explotación con novas instalacións.

Non se poderán realizar construcións, tendidos e instalacións aéreas ou subterráneas (electricidade, saneamento, auga, etc.), escavacións, recheos e movementos de terra en xeral, así como tampouco a plantación ou o arrancamento de árbores, cultivos que requiran labores profundos e a apertura de pozos e minas.

4. *Condicións especiais de uso:* Para as edificacións emprazadas nas áreas de protección integral, poderanse permitir, de maneira puntual obras de mellora en canto a infraestructuras ao servizo das construcións (abastecemento de augas, saneamento, redes de alumado, etc...)



e obras de acondicionamento das mesmas, sempre e cando sexan viables segundo a ordenanza urbanística municipal. As obras autorizadas deberán realizarse cos medios adecuados para cada tipo de actuación de cara a non afectar gravemente ao xacemento arqueolóxico.

5. *Tramitación:* Nas condicións especiais de uso seguirase o establecido no artigo 7 das Normas Xerais de Protección do patrimonio arqueolóxico.

Será necesario acometer unha intervención arqueolóxica previa na superficie afectada polo proxecto.

6. *Condicións de edificabilidade:* Nos solos clasificados como solo rústico, así como nos urbanos non consolidados e urbanizables, non se permiten construcións de nova planta. Nos solos urbanos consolidados e nos solos de Núcleo Rural estarase ao disposto nas respectivas ordenanzas, se ben para autorizar os feitos constructivos haberá de seguirse o procedemento establecido no artigo 7 da presente normativa arqueolóxica

#### **Art. 10.-Área de Respecto (II-2).**

1. *Ámbito:* Esta área atópase definida por ser o contorno adaptado arredor do perímetro máis exterior dunha área de Protección Integral, por se tratar dunha zona onde hai indicios ou referencias da localización de obxectos e materiais arqueolóxicos, ou por formar o ámbito de protección dun elemento arquitectónico ou etnográfico inventariado e do seu contorno. Aparece grafitada na cartografía cunha trama descontinua.
2. *Usos:* Os usos nesta zona son os específicos para cada caso concreto, dependendo do establecido na ordenanza urbanística para o tipo de solo no que se atope a Área de Respecto e dos factores arqueolóxicos e patrimoniais do xacemento.
3. *Condicións de edificabilidade:* Mentres non se prexudique o contorno do xacemento ou cando este se atopase moi deteriorado, admitirase a edificación de nova planta admitida polo planeamento municipal en vigor e segundo o establecido na ordenanza urbanística para o tipo de solo no que se localicen.



5. *Tramitación:* Seguirase o establecido no artigo 7 da presente normativa de Protección do patrimonio arqueolóxico.

**Art. 11.- GRAO III.**

Establécense un único nivel de protección **(III)**.

1. *Ámbito:* Inclúense neste nivel de protección as zonas onde hai indicios ou referencias importantes sobre a localización de obxectos e materiais arqueolóxicos, e que poidan ser obxecto de desenvolvemento urbanístico importante. Aparece grafitada na cartografía cunha trama descontinua.
2. *Usos, e condicións de edificabilidade:* Os usos nesta zona son os específicos para cada caso concreto, dependendo do establecido na ordenanza urbanística para o tipo de solo no que se atope a Área de Cautela e dos factores arqueolóxicos e patrimoniais do ámbito.



**ANEXOS**



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

### ANEXO 1. PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PEPRI CASCO VELLO. VIGO. LISTADO EDIFICIOS CATALOGADOS

CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
1	23610 01	GAITERO RICARDO PORTELA (R.) 000 SAN FRANCISCO (R.) 069 SANTA MARTA (R.) 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MOI ALTO	ALTO
2	24616 03	FALPERRA (R.) 000 FALPERRA (R.) 004 PI I MARGALL (R.) 003 PI I MARGALL (R.) 005	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	ALTO
3	24616 04	ANGUSTIAS (R.) 006A PI I MARGALL (R.) 007	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO
4	24616 05	ANGUSTIAS (R.) 002 PI I MARGALL (R.) 009	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO
5	24616 06	ANGUSTIAS (R.) 004 PI I MARGALL (R.) 011	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO
6	24616 07	ANGUSTIAS (R.) 006 PI I MARGALL (R.) 013	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO
7	24616 08	ANGUSTIAS (R.) 008 PI I MARGALL (R.) 015	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO
8	24616 09	ANGUSTIAS (R.) 010 PI I MARGALL (R.) 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

		PI I MARGALL (R.) 017					
9	24619 02	BARRIO DO CURA (R.) 000 PI I MARGALL (R.) 004	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	ALTO
10	24620 02	POBOADORES (R.) 046 SAN FRANCISCO (R.) 003	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
11	24620 06	POBOADORES (R.) 054	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
12	24620 07	POBOADORES (R.) 056	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
13	24620 10	POBOADORES (R.) 000 POBOADORES (R.) 062	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
14	24620 13	SAN FRANCISCO (R.) 013	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
15	24620 14	POBOADORES (R.) 000 SAN FRANCISCO (R.) 015 SAN FRANCISCO (R.) 070	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
16	24620 35	BARRIO DO CURA (R.) 000 BARRIO DO CURA (R.) 013	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	ALTO	BAIXO
17	24620 36	BARRIO DO CURA (R.) 012	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	ALTO	BAIXO
18	24620 37	BARRIO DO CURA (R.) 011	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	ALTO	BAIXO
19	24620 38		LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	ALTO	BAIXO





## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

### BARRIO DO CURA (R.) 010

CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
20	24620 43	BARRIO DO CURA (R.) 000 LLORENTE (R.) 000 PI I MARGALL (R.) 010	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
21	24620 44	LLORENTE (R.) 010	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
22	24620 45	LLORENTE (R.) 012	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
23	24620 47	LLORENTE (R.) 016	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO
24	24620 48	LLORENTE (R.) 018	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO
25	24620 49	BARRIO DO CURA (Pza.) 000 LLORENTE (R.) 004 LLORENTE (R.) 022	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO
26	24620 57	SANTA MARTA (R.) 036	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO
27	24620 58	SANTA MARTA (R.) 038	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
28	24620 60	SAN FRANCISCO (R.) 051 SANTA MARTA (R.) 048	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO
29	24620 61	SAN FRANCISCO (R.) 053	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

SANTA MARTA (R.) 050

CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
30	24620 62	SAN FRANCISCO (R.) 055 SANTA MARTA (R.) 052	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO
31	24620 63	SAN FRANCISCO (R.) 057 SANTA MARTA (R.) 000 SANTA MARTA (R.) 054	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO
32	24620 72	SAN FRANCISCO (R.) 045	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO
33	24620 74	SAN FRANCISCO (R.) 041	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO
34	24620 77	SAN FRANCISCO (R.) 031	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
35	24620 78	SAN FRANCISCO (R.) 029	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO
36	24620 79	SAN FRANCISCO (R.) 027	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
37	24620 80	SAN FRANCISCO (R.) 025	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
38	24620 81	SAN FRANCISCO (R.) 023	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO
39	24620 84	SAN FRANCISCO (R.) 011	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	ALTO	MEDIO
40	24620 86		LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

SAN FRANCISCO (R.) 007

CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
41	24645 01	REAL (R.) 050 TEÓFILO LLORENTE (R.) 000 TEÓFILO LLORENTE (R.) 071	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO
42	24645 02	REAL (R.) 052 TEÓFILO LLORENTE (R.) 073A	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	ALTO	ALTO
43	24645 03	REAL (R.) 054 TEÓFILO LLORENTE (R.) 000 TEÓFILO LLORENTE (R.) 075	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	ALTO	MOI ALTO
44	25614 03	ALFONSO XII (Pso.) 003 SANTIAGO (R.) 002	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO
45	25614 06	SANTIAGO (R.) 008	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
46	25614 07	ALFONSO XII (Pso.) 015 SANTIAGO (R.) 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
47	25614 08	ALFONSO XII (Pso.) 017 SANTIAGO (R.) 010A	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	MOI ALTO
48	25614 11	SANTIAGO (R.) 016	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
49	25614 14		LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	MOI ALTO



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

ALFONSO XII (Pso.) 029  
SANTIAGO (R.) 022



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
50	25614 53	ALFONSO XII (Pso.) 037 PANIFICADORA (Pza.) 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
51	25614 54	ALFONSO XII (Pso.) 033 PANIFICADORA (Pza.) 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
52	25614 55	ALFONSO XII (Pso.) 031 PANIFICADORA (Pza.) 000	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	MOI ALTO
53	25614 56	ALFONSO XII (Pso.) 027	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	MOI ALTO
54	25614 57	ALFONSO XII (Pso.) 025	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	MOI ALTO
55	25614 58	ALFONSO XII (Pso.) 023	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
56	25614 59	ALFONSO XII (Pso.) 021	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
57	25614 60	ALFONSO XII (Pso.) 019	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
58	25614 61	ALFONSO XII (Pso.) 013	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
59	25614 62	ALFONSO XII (Pso.) 011	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO
60	25614 63	ALFONSO XII (Pso.) 009	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
61	25614 64	ALFONSO XII (Pso.) 000 ALFONSO XII (Pso.) 007	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
62	25631 02	ALFONSO XII (Pso.) 002 BAIXADA Ó FORTE (R.) 003	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO
63	25631 04	POBOADORES (R.) 000 POBOADORES (R.) 061	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
64	25631 05	POBOADORES (R.) 057 POBOADORES (R.) 059	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
65	25631 07	POBOADORES (R.) 053	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO
66	25631 08	POBOADORES (R.) 051	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
67	25631 09	POBOADORES (R.) 049	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
68	25631 11	POBOADORES (R.) 045	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
69	25631 15	POBOADORES (R.) 037	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
70	25631 16	POBOADORES (R.) 035	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
71	25631 17	POBOADORES (R.) 033	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
72	25631 18	POBOADORES (R.) 031	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
73	25641 01	BOTE (R.) 000 PEÑASCO (Pza.) 010	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
74	25641 03	POBOADORES (R.) 014	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
75	25641 04	PEÑASCO (R.) 000 POBOADORES (R.) 016	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	BAIXO
76	25641 05	PEÑASCO (Pza.) 004 PEÑASCO (R.) 002	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
77	25641 06	PEÑASCO (Pza.) 006	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
78	25642 01	PEIXE (R.) 011 PEÑASCO (R.) 003	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	MEDIO
79	25642 02	PEIXE (R.) 009	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
80	25642 06	PEIXE (R.) 001 POBOADORES (R.) 002	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
81	25642 07	BOTE (R.) 004 POBOADORES (R.) 004	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	MEDIO



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
82	25642 08	POBOADORES (R.) 000 POBOADORES (R.) 006	LOCAL	ESTRUCTURAL	MEDIO	ALTO	MEDIO
83	25642 09	POBOADORES (R.) 008	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	BAIXO
84	25642 10	BOTE (R.) 002 POBOADORES (R.) 010	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	BAIXO
85	25642 11	PEÑASCO (Pza.) 012	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	MEDIO
86	25642 12	PEÑASCO (Pza.) 014	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO
87	25642 14	PEÑASCO (Pza.) 018	LOCAL	AMBIENTAL	BAIXO	BAIXO	MEDIO
88	25642 15	PEÑASCO (R.) 000 PEÑASCO (R.) 009	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
89	25643 01	ANGÚÍA (R.) 009 REAL (R.) 041	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	ALTO	ALTO
90	25643 02	ANGÚÍA (R.) 007	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
91	25643 06	ANGÚÍA (R.) 000 PESCADORES (Pza.) 005	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO





## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
92	25643 07	PEÑASCO (R.) 002 PESCADORES (Pza.) 004	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
93	25643 08	PEÑASCO (R.) 004	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
94	25643 09	PEÑASCO (R.) 000 REAL (R.) 045	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	ALTO
95	25643 13	PEÑASCO (R.) 000 REAL (R.) 0000 REAL (R.) 053	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO
96	25643 14	REAL (R.) 043	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	ALTO	ALTO
97	25644 01	ALTA (R.) 033 REAL (R.) 035	LOCAL	AMBIENTAL	BAIXO	MEDIO	ALTO
98	25644 06	ALTA (R.) 023	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
99	25644 07	ALTA (R.) 021	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
100	25644 09	ALTA (R.) 017	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
101	25644 10	ALTA (R.) 015	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
102	25644 11	ALTA (R.) 013	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

PERIGOS (R.) 000							
CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
103	25644 12	ALTA (R.) 011 SAN XULIÁN (R.) 002	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
104	25644 13	PERIGOS (R.) 002	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
105	25644 14	PERIGOS (R.) 000 PERIGOS (R.) 004	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
106	25644 15	PERIGOS (R.) 006 PERIGOS (R.) 008	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
107	25644 16	PERIGOS (R.) 000 PESCADORES (Pza.) 010	LOCAL	AMBIENTAL	BAIXO	MEDIO	MEDIO
108	25644 22	ANGÚA (R.) 002 PESCADORES (Pza.) 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
109	25644 23	ANGÚA (R.) 004	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
110	25644 25	ANGÚA (R.) 008	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	BAIXO
111	25644 26	ANGÚA (R.) 010 REAL (R.) 039	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO
112	25644 27	REAL (R.) 037	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	ALTO



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

113	25645 01	PEÑASCO (R.) 000 PEÑASCO (R.) 013 RIBEIRA BERBÉS (Pza.) 001	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	MOI ALTO
114	25645 03	PEÑASCO (Pza.) 007 PEÑASCO (Pza.) 009 PEÑASCO (R.) 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
115	25645 04	PEÑASCO (Pza.) 005	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
116	25645 05	PEÑASCO (Pza.) 003 RÚA NOVA 01 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
117	25645 06	PEÑASCO (Pza.) 001 RÚA NOVA 01 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO
118	25645 07	PEÑASCO (Pza.) 000 POBOADORES (R.) 018	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO
119	25645 08	POBOADORES (R.) 020 RÚA NOVA 01 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MEDIO
120	25645 09	POBOADORES (R.) 022 RÚA NOVA 01 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO
121	25645 10	POBOADORES (R.) 000 POBOADORES (R.) 024	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO
122	25645 11	POBOADORES (R.) 026	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	BAIXO



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

RÚA NOVA 01 000

CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
123	25645 12	RIBEIRA BERBÉS (Pza.) 025 RÚA NOVA 01 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
124	25645 17	POBOADORES (R.) 000 POBOADORES (R.) 034 RÚA NOVA 01 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MEDIO
125	25645 18	POBOADORES (R.) 038 RIBEIRA BERBÉS (Pza.) 027	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	MEDIO	MOI ALTO
126	25645 21	RIBEIRA BERBÉS (Pza.) 037 SAN FRANCISCO (R.) 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO
127	25645 22	RIBEIRA BERBÉS (Pza.) 039 SAN FRANCISCO (R.) 002	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO
128	25645 23	RIBEIRA BERBÉS (Pza.) 041 SAN FRANCISCO (R.) 004	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	ALTO	MOI ALTO
129	25645 24	RIBEIRA BERBÉS (Pza.) 043 SAN FRANCISCO (R.) 000	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	BAIXO	MOI ALTO
130	25645 28	RIBEIRA BERBÉS (Pza.) 033	LOCAL	ESTRUCTURAL	ALTO	MEDIO	MOI ALTO
131	25645 29	RIBEIRA BERBÉS (Pza.) 029	LOCAL	AMBIENTAL	MEDIO	ALTO	MOI ALTO



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

CATALOGO:	CATASTRO:	DIRECCION POSTAL:	AMETO:	NIVEL PROTECC:	INTERES ARTISTICO:	INTERES HISTORICO:	INTERES URBANISTICO:
